

PROXECTO  
EDUCATIVO DE  
CENTRO

I.E.S. FREI MARTÍN SARMIENTO



Fr. Martín Sarmiento

# ÍNDICE

<b>1. INTRODUCCIÓN</b>	<b>4</b>
<b>2. NOTAS DE IDENTIDADE</b>	<b>4</b>
2.1. Datos identificativos do centro	4
2.2. Definición e historia	5
2.3. Horario xeral do instituto	7
2.4. Alumnado	7
2.5. Profesorado	13
2.6. Persoal non docente	14
2.7. Relación co Concello e co contorno	14
2.8. Lingua de Aprendizaxe	14
2.9. Liña metodolóxica	15
2.10. Pluralismo e valores democráticos	15
2.11. Modalidade de xestión institucional	16
<b>3. O CENTRO EDUCATIVO: ESPAZOS E SERVIZOS</b>	<b>16</b>
3.1. Espazos e Instalacións	16
3.2. Actividades Complementarias e extraescolares	17
3.3. Servizos complementarios	18
3.3.1. Transporte escolar	18
3.3.2. Biblioteca Escolar	18
<b>4. OBXECTIVOS XERAIS DO CENTRO</b>	<b>22</b>
4.1. De ámbito psicopedagóxico	22
4.2. De ámbito institucional	22
4.3. De ámbito humano	22
4.4. De ámbito medioambiental	23
<b>5. ENSINANZAS EDUCATIVAS OFERTADAS</b>	<b>23</b>
<b>6. ORGANIZACIÓN E XESTIÓN DO CENTRO</b>	<b>26</b>
6.1. ÓRGANOS DE GOBERNO	26
6.2. ORGANIZACIÓN DO PROFESORADO	27
6.2.1. Departamentos didácticos	27
6.2.2. Departamento de orientación	27
6.2.3. Comisión de Coordinación Pedagóxica (C.C.P.)	27
6.2.4. Xuntas de avaliación	27
6.2.5. Equipo de dinamización lingüística	28
6.2.6. Coordinador TIC	28
6.2.7. Equipo da biblioteca	28
6.2.8. Comisión de coordinación da avaliación de diagnóstico	29
6.2.9. Grupos de traballo e seminarios permanentes	29
6.2.10. Observatorio da convivencia escolar	29

6.3. ORGANIZACIÓN DO ALUMNADO _____	30
6.3.1. Xunta de delegados/as _____	30
6.4. ORGANIZACIÓN DO PERSOAL NON DOCENTE	30
<b>7. CONCRECIÓN DO CURRÍCULO _____</b>	<b>31</b>
7.1. ADECUACIÓN DOS OBXECTIVOS XERAIS DE ETAPA AO CONTEXTO DO CENTRO _	31
7.1.1. Educación secundaria obrigatoria _____	31
7.1.2. Bacharelato	32
7.2. ASPECTOS XERAIS PARA A ELABORACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DOCENTES __	34
7.2.1. Instrucións para a elaboración de programacións didácticas _____	34
7.3. <del>CONTEÚDO</del> DECISIÓNS DE CARÁCTER XERAL SOBRE A METODOLOXÍA E A SÚA CONTRIBUCIÓN DAS COMPETENCIAS BÁSICAS	36
7.4. INCORPORACIÓN, A TRAVÉS DAS DISTINTAS ÁREAS E MATERIAS DA EDUCACIÓN EN VALORES	0
7.5. PROXECTO INTERDISCIPLINAR EN 1º DE E.S.O.	41
7.6. ATENCIÓN EDUCATIVA AO ALUMNADO QUE NON OPTE POR ENSINANZAS DE RELIXIÓN	43
7.7. CRITERIOS XERAIS SOBRE A AVALIACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO _____	44
7.7.1. Avaliación inicial	44
7.7.2. Avaliacións parciais	45
7.7.3. Avaliación final	45
7.7.4. Avaliación extraordinaria de setembro	46
7.7.5. Criterios de promoción e titulación na ESO	46
7.7.6. Recuperación de materias pendentes	48
7.7.7. Criterios de promoción e titulación no Bacharelato	48
<b>8. PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE _____</b>	<b>50</b>
8.1. Programas de Diversificación Curricular	51
8.2. Exención da segunda lingua estranxeira en 1º e 2º de E.S.O.	52
8.3. Plan de acollida para o alumnado de novo ingreso	53
8.4. Plan de absentismo	55
8.5. Medidas de atención ao alumnado procedente do estranxeiro _____	55

## 1. INTRODUCCIÓN

O Proxecto Educativo do I.E.S. Frei Martín Sarmiento define as **liñas directrices** da nosa institución docente, recollendo, entre outros, os obxectivos, valores e prioridades de actuación, así como o tratamento transversal nas áreas, materias ou módulos da educación en valores, a atención á diversidade do alumnado, o plan de orientación e acción tutorial e o plan de convivencia.

O presente documento constitúe o **instrumento didáctico-pedagóxico** que articula a medio e largo prazo o conxunto de actuacións do equipo docente deste Centro educativo, procurando acadar a implantación e desenvolvemento das capacidades previstas nos obxectivos xerais das etapas educativas impartidas no Centro en coherencia cos obxectivos xerais do mesmo.

O Proxecto Educativo de Centro posúe un carácter aberto, práctico e susceptible de mellora segundo se vaia aplicando, polo que deberá volver a ser obxecto de estudo, análise e revisión dada a súa funcionalidade como instrumento destinado a solucionar os problemas didácticos-pedagóxicos.

Segundo o artigo 121 da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, o Proxecto Educativo de Centro deberá recoller os **obxectivos xerais, os valores e as prioridades** de actuación do mesmo. Estes tres elementos constitúen as intencións que orientan o deseño e a realización das actividades necesarias para a consecución das finalidades educativas do Centro. Han de servir como referente para guiar o proceso de ensinanza-aprendizaxe, indicando as liñas mestras que orienten a toma de decisións curriculares sobre selección e secuenciación de contidos, metodoloxía, avaliación, e constitúen o marco de referencia para revisar e regular o currículo.

## 2. NOTAS DE IDENTIDADE

### 2.1. Datos identificativos do centro

O I.E.S. Frei Martín Sarmiento é un centro público de ensino non universitario dependente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

Os seus datos de contacto son:

🏠 Nome: IES Frei Martín Sarmiento

Σ Dirección: Avenida de Vigo, 23

Σ Código Postal: 36003

Σ Poboación: Pontevedra.

Σ Teléfonos: 986852654/986852087

Σ Fax: 986852066

Σ Web: [www.edu.xunta.es/centros/iesfreimartinsarmiento](http://www.edu.xunta.es/centros/iesfreimartinsarmiento) ou [www.iesfms.es](http://www.iesfms.es)

Σ Correo electrónico: [ies.freimartin.sarmiento@edu.xunta.es](mailto:ies.freimartin.sarmiento@edu.xunta.es)

## 2.2. Definición e historia

O Centro creouse no ano 1932 como “Escuela Elemental del Trabajo”, na que se impartían ensinanzas profesionais de Electricidade, Madeira e Metal. A Lei Orgánica da Formación Profesional Industrial, de 20 de xullo de 1959, clasifícao como Escuela de Maestría Industrial. A partires do curso 1967-68 iníciáanse as ensinanzas de Mestría Industrial na rama de Metal e no curso seguinte na rama de Electricidade. No ano 1969 engádense as ramas de Electrónica, Delineación e Automoción; no ano 1972 iníciase a rama de Perruquería e Estética e, de xeito experimental, a rama de Administrativo e Comercial seguindo o novo plan de estudos de “Formación Profesional”. No ano 1976 créase a rama Sanitaria cos estudos de Auxiliar de Clínica e logo coa especialidade de Laboratorio de Análises Clínicos.

No ano 1979, debido ao aumento da demanda de postos escolares, escíndense as ramas de Madeira, Automoción e Electrónica, que pasan a constituír o Instituto de F.P. “A Xunqueira”. Prodúcese unha nova división no ano 1987 no que a rama de Administrativo sepárase para constituír o Instituto de F.P. de Monteporreiro. No ano 1993 prodúcese unha nova ampliación coas ensinanzas da rama de Servizos á Comunidade, que funcionou como extensión nas aulas do Instituto Torrente Ballester ata finais do curso 1996-97 e foi transferida ao Instituto de Bacharelato “Xunqueira I”.

Constitúese a A.P.A. do Centro no ano 1972 e no ano 1974 créase unha Asociación de Antigos Alumnos.

Coa entrada en vigor da Lei Xeral de Educación o Instituto adquire a denominación de Instituto Politécnico de Formación Profesional, conservándoo ata a que a Lei Orgánica de Ordenación Xeral do Sistema Educativo (LOXSE) denomíno Instituto de Educación Secundaria.

Actualmente están concedidas as seguintes unidades:

☛ **En réxime ordinario:**


- ∑ 3 liñas de ESO, cun programa de Diversificación Curricular en 3º e 4º.
- ∑ 3 modalidades de Bacharelato (Artes escénicas, música e danza, Científico-Tecnolóxico e Humanidades e Ciencias sociais).
- ∑ Ciclos de grao medio:
  - Coidados auxiliares de enfermaria (Curriculum LOXSE).
  - Instalacións eléctricas e automáticas (Curriculum LOE).
  - Estética e beleza (LOE).
  - Mecanizado (LOE).
  - Peiteado e cosmética capilar (LOE).
- ∑ Ciclos de grao superior:
  - Dietética (LOXSE).
  - Estética integral e benestar (LOE).
  - Sistemas Electrotécnicos e automatizados (LOE)
  - Laboratorio de diagnóstico clínico (LOXSE).
- ∑ **Programa de Cualificación Profesional Inicial:**
  - 1º curso: nas modalidades A (no perfil de Fabricación Mecánica) e C mixta.
  - 2º curso: 4 grupos. Inclúense no réxime de adultos por ter horario de tarde. ☛ **En réxime de adultos:**
- ∑ **ESA. Nivel III-IV.**
- ∑ **Bacharelato (Científico-tecnolóxico).**
- ∑ **Ciclos formativos:**
  - CM Instalacións eléctricas e automáticas (oferta parcial).
  - CM de Peitado e cosmética capilar (oferta parcial).
  - CM Coidados auxiliares de enfermaria (oferta completa).
  - CS de Laboratorio de diagnóstico clínico (oferta completa).

Ten adscritos os C.E.I.P. de *Vilaverde-Mourete* e de *Marcón*, ambos dentro do concello de Pontevedra, e tamén asisten alumnos procedentes da Residencia Infantil Príncipe Felipe e do centro de menores Avelino Montero. Así mesmo, ten dependentes

○ *Instituto Galego de Formación Acuícola*, pertencente á Consellería de Medio rural e

do mar (no que se imparten o CM de Operacións de Cultivo Acuícola, o CM de Mergullo a media profundidade e o CS de Produción Acuícola) e a *Academia de Perruquería París* de Pontevedra.

### 2.3. Horario xeral do instituto

 **Diúrno** (sesións de 50’):


 **Mañá:** Luns a Venres de 8:30 a 14:00 h.

 **Tarde:**

- **Ciclos:** de Luns a Xoves de 16:00 a 18:30 h.
- **Bacharelato:** Luns de 16:00 a 17:40 h .
- **ESO:** Martes de 16:50 a 18:30 h.


 **Recreos:**

 Un único recreo de 11:00 a 11:30 h.

 **Adultos** (sesións de 50’):

- **Oferta modular:** de 16:00 a 22:10 h (mércores ata as 23:00 h).
- **Bacharelato adultos :** de 16:50 a 23:00 h (luns e mércores ata as 23:00 h).
- **2º PCPI e ESA:** de 17:40 a 21:20 h.
- **1º PCPI C:** de 17:40 a 19:30

h.  **Recreos:**

 Dous recreos: de 18:30 a 18:40 h e de 20:20 a 20:30 h.

### 2.4. Alumnado

O Centro ten a día de hoxe uns 1100 alumnos repartidos entre todos os niveis e quendas existentes, sendo maioritario o alumnado matriculado en Ciclos pola ampla oferta dos mesmos.

A procedencia dos alumnos varía segundo as ensinanzas: na ESO proceden maioritariamente dos centros adscritos; no bacharelato é importante o número de alumnos procedentes doutros centros e concellos limítrofes debido, entre outras cousas, a que é o único centro da zona educativa e limítrofes onde se pode cursar o bacharelato de artes escénicas, música e danza; nos Ciclos a procedencia é moi variada debido a ampla oferta de familias e quendas nos que se poden cursar e que moitos dos ciclos teñen gran demanda social e só se imparten aquí dentro de toda a zona educativa.

Tamén está escolarizado alumnado que procede doutras comunidades e países, en particular alumnado de orixe centro e suramericano e marroquí (sobre todo no 2º de PCPI).

Na ESO o centro responde a un entorno socioeconómico e cultural medio-baixo, no que predominan as familias con estudos primarios e pertencentes ás parroquias rurais do municipio (60%); o resto procede da área suburbana de nova construción. Atendendo ás profesións das nais e dos pais, predominan os dedicados ao ámbito manual-asalariado, abonda menos o funcionariado e só unha pequena cantidade de profesións liberais. Aínda así existe unha elevada porcentaxe de nais que son amas de casa.

A maioría deste alumnado utiliza o transporte para asistir ás clases, o cal debe ser tido en consideración, pois os horarios dos autobuses fan, ás veces, que os nenos cheguen con moita antelación polas mañás e teñan que esperar moito tempo ata o inicio das clases. Así mesmo, a saída é problemática porque os autobuses non adoitan esperar moito tempo e os rapaces deben saír 5 minutos antes da hora. Polo tanto, faise necesario prestar especial atención á entrada e saída do centro.

Respecto á lingua falada no centro, na ESO é maioritario o emprego do galego mentres que nos Ciclos alturnase entre castelán e galego (aínda que depende do ciclo).

A participación do alumnado no Centro realízase a través da Xunta de Delegados e dos catro representantes no Consello Escolar.

En conxunto non é un alumnado conflictivo aínda que, como en tódolos centros, existen problemas disciplinarios aos que é necesario facer fronte desde a dirección a fin de crear un bo clima no Centro.

No curso 2009/2010 fixéronse unhas enquisas entre as familias do noso alumnado para coñecer a súa situación sociocultural; os resultados foron os seguintes:



	Filla ou fillo	A nai	O pai
En Galicia	106	83	80
Noutra comunidade autónoma	8	8	9
Noutro país	7	11	10

**Canto tempo hai que a súa filla ou fillo reside en Galicia se naceu fóra dela?**

Menos de 2 anos	1
De 2 a 4 anos	4
De 5 a 7 anos	3
Máis de 8 anos	38

**Indiquen a frecuencia con que se utilizan no domicilio familiar os recursos que se citan a continuación:**

	Non temos	Nunca	Poucas veces	Bastantes veces	Habitualmente
Libros de lectura	0	2	27	48	41
Prensa diaria	9	10	39	29	34
Revistas especializadas	13	18	57	21	11
Enciclopedias	11	14	49	27	22
Ordenador	2	0	13	28	78
Internet	9	1	11	23	77
Vídeo, CD, DVD	1	1	44	42	33

**Aproximadamente, cantos libros hai na súa casa?** *(Non inclúa as revistas, os xornais, nin os libros de texto)*

De 0 a 25 libros	12
De 26 a 50 libros	13
De 51 a 100 libros	33

De 101 a 200 libros	30
De 201 a 500 libros	18
Máis de 500 libros	16

**Cantos anos tiña a súa filla ou fillo cando empezou a ir ao colexio ou á gardería?** *(Marque só unha opción.)*

Antes dos 2 anos	20
Aos 2 anos	31
Aos 3 anos	61
Aos 4 anos	6
Aos 5 anos	2
Aos 6 anos ou máis	0

**Están vostedes satisfeitos co rendemento escolar da súa filla ou fillo?**

Nada	3
Pouco	11
Algo	25
Bastante	57
Moito	0

**Por cales das seguintes razóns asiste o seu fillo ao colexio no que estuda?** *(Marque tantas opcións como crea conveniente)*

	NON	SI
Porque é o centro para os estudantes que viven nesta zona	16	78
Porque ten fama de ser mellor ca outros da zona	36	18
Porque ofrece estudos específicos	27	33
Porque outros membros da miña familia estudaron neste centro	46	26
Por outras razóns	30	20

**Sinale o seu grao de satisfacción en relación ao colexio do seu fillo/a:**  
*(Marque só UNHA opción en cada fila.)*

	<b>Nada</b>	<b>Pouco</b>	<b>Algo</b>	<b>Bastante</b>	<b>Moito</b>
Satisfacción co profesorado da nosa filla ou fillo	1	8	29	64	15
Satisfacción coa dirección do colexio da nosa filla ou fillo	4	9	23	66	16
En xeral, satisfacción co colexio da nosa filla ou fillo	2	10	27	68	13

**En relación co seu fillo e o centro no que estuda, cal é o seu nivel de satisfacción cos seguintes aspectos?** (Marque só UNHA opción en cada fila.)

	<b>Nada satisfeitos</b>	<b>Pouco satisfeitos</b>	<b>Bastante satisfeitos</b>	<b>Moi satisfeitos</b>
Traballo na clase	0	19	91	8
Relación co titor ou titora	3	12	65	40
Relación cos compañeiros/as	2	12	56	52
Utilización de recursos	3	20	78	17
Nivel de aprendizaxe	3	18	83	18
Clima escolar	4	13	83	17

**Despois da clase, de quen recibe axuda a súa filla ou fillo para realizar os deberes e estudar?**

Non recibe axuda de ninguén	38
Recíbea dun profesor/a particular	21
Asiste a unha academia	30
Axudámolo nós, a súa nai e/ou o seu pai	35
Axúdano os seus irmáns ou outros familiares	10

**Ata que nivel educativo esperan vostedes que estude a súa filla ou fillo?** (Sinale só unha opción)

Ata rematar os estudos obrigatorios (ESO)	2
Ata rematar un ciclo formativo de formación profesional de grao medio	9
Ata rematar bacharelato	17

Ata rematar un ciclo formativo de formación profesional de grao superior	21
Ata rematar unha carreira universitaria	74

**Que estudos realizou a nai?** (Marque só a opción correspondente ao nivel máis alto de estudos realizado)

Sen estudos	1
Non completou estudos obrigatorios (EXB, ESO)	14
Estudos obrigatorios (EXB, ESO)	36
Formación profesional de grao medio ou equivalente	12
Bacharelato	15
Formación profesional de grao superior ou equivalente	6
Titulación universitaria media	17
Titulación universitaria superior	8

**Cal é a situación laboral da nai?** (Escolla a opción principal)

Traballa fóra da casa por conta propia	12
Traballa fóra da casa por conta allea	57
Traballa na casa de forma remunerada por conta propia	3
Traballa na casa de xeito remunerado por conta allea	0
Está en paro	12
Está xubilada	2
Traballa facendo as tarefas da casa	23

**Que estudos realizou o pai?** (Marque só a opción correspondente ao nivel máis alto de estudos realizado)

Sen estudos	3
Non completou estudos obrigatorios (EXB, ESO)	19
Estudos obrigatorios (EXB, ESO)	31
Formación profesional de grao medio ou equivalente	10
Bacharelato	8

Formación profesional de grao superior ou equivalente	13
Titulación universitaria media	8
Titulación universitaria superior	11

**Cal é a situación laboral do pai?** (*Escolla a opción principal*)

Traballa fóra da casa por conta propia	19
Traballa fóra da casa por conta allea	70
Traballa na casa de forma remunerada por conta propia	1
Traballa na casa de xeito remunerado por conta allea	0
Está en paro	7
Está xubilada	4
Traballa facendo as tarefas da casa	2

## 2.5. Profesorado

O Claustro está composto actualmente por 108 profesores, dos cales 92 son con destino definitivo. Están organizados en 21 departamentos didácticos, correspondentes ás distintas especialidades, distribuídos do seguinte xeito: Ciencias da natureza (4 profesores), Debuxo (2 profesores), Electricidade (9 profesores), Educación Física (3 profesores), Especial (1 profesor), Filosofía (1 profesores), Física e Química (2 profesores), F.O.L. (4 profesores), Francés (2 profesores), Imaxe persoal (11 profesores), Inglés (4 profesores), Lingua Castelá (5 profesores), Lingua Galega (5 profesores), Matemáticas (6 profesores), Mecanizado (4 profesores), Música (1 profesores), Orientación (2 profesores), Relixión (1 profesor), Sanidade (17 profesores), Tecnoloxía (4 profesores), Xeografía e Historia (4 profesores). En todos eles hai un xefe/a de departamento. Existen ademais as figuras de: Coordinador de Formación en Centros de Traballo, Coordinador do Equipo de Normalización Lingüística e responsable da dinamización de Biblioteca.

En xeral, a súa participación no Centro realízase a través da presenza no Consello Escolar, das reunións do Claustro de Profesores, da Comisión de Convivencia e da Comisión de Coordinación Pedagóxica.

O equipo directivo actual está composto polo Director, Vicedirectora, Secretaria, Xefe de Estudos de diúrno e Xefe de estudos de nocturno.

## **2.6. Persoal non docente**

O persoal non docente está formado por 4 administrativos, 4 subalternos e 5 limpadoras.

## **2.7. Relación co Concello e co contorno**

Existe un contacto directo co Concello a través das Concellarías de Servizos sociais, Normalización lingüística, Protección cidadá e Cultura.

A relación do centro coas empresas do contorno é fundamental xa que é alí onde os alumnos dan un paso importante, e moitas veces decisivo, na súa formación profesional, canalizándose estes contactos por medio do Coordinador de Formación en Centros de Traballo e os Tutores de Ciclos.

Non hai que esquecer que o primeiro centro de ensinanza é a familia, polo que a relación cos pais adquire unha importancia crucial dentro do labor educativo. Órgano fundamental, e de especial transcendencia, é a ANPA, contando esta con representación no Consello Escolar xunto con outros dous membros electos tamén do colectivo de pais.

É moi importante que esta asociación participe activamente, colaborando co Instituto nas distintas actividades.

## **2.8. Lingua de Aprendizaxe**

A comunidade educativa do I.E.S. Frei Martín Sarmiento recoñece dende o seu xerme o dereito de cada membro a utilizar calquera das linguas oficiais, dentro do que en cada intre fixen as normativas estatais e autonómicas.

Nas áreas ou materias impartidas en lingua galega débese procurar que os alumnos a utilicen nas manifestacións orais e escritas. Os materiais que se empreguen estarán escritos en galego e terán a calidade pedagóxica e científica axeitada. En todo caso, e para facer efectivo o dereito á educación, os profesores adoptarán as medidas oportunas co fin de que os/as alumnos/as que non teñan suficiente dominio da lingua galega poidan seguir con proveito as ensinanzas que nesta lingua lles impartan.

Respectando as diferenzas individuais, respecto ao persoal estilo docente de cada profesor, procurarase o consenso entre os membros da comunidade educativa, de cara a exercer a función docente consonte os valores do contexto socio-cultural no que vivimos. Concibimos o papel do profesor non só como simple transmisor de coñecementos senón tamén como transmisor de valores educativos cara a persoas concretas, individuais, con particularidades propias que a educación debe respectar, aproveitar, enriquecer e contribuír a desenvolver dentro dunha sociedade democrática. Deste xeito, procuraremos o reforzo de actitudes e valores como a tolerancia, o respecto, a responsabilidade e o espírito crítico que faciliten a socialización do alumnado. Polo tanto, fomentárase a creación dun ambiente de traballo tranquilo, no que impere o respecto mutuo, a colaboración e a reflexión.

Atenderase ás diferenzas individuais dos alumnos e alumnas, procurando aprendizaxes significativos que se integren dentro dos coñecementos previos do alumnado. Pretendemos que no proceso ensino/aprendizaxe o alumno sexa o suxeito activo e o profesor, como especialista e experto, asuma o papel de mediador e motivador. En definitiva queremos priorizar aprendizaxes activas, reflexivas e cooperativas, conectadas coa natureza e a vida sociocultural fronte a unhas aprendizaxes pasivas, memorizadas mecanicamente.

A orde e a disciplina, que son necesarios para a vida e o traballo escolar, non serán entendidos nin como rutina nin como a mera consecuencia dunha imposición, polo contrario considéranse obxectivos educativos a conseguir, procurándose non so a consecución dos mesmos, senón a comprensión da súa necesidade por parte do alumnado.

## **2.10. Pluralismo e valores democráticos**

Este centro defínese ideoloxicamente pluralista e democrático, respectando a evolución do alumnado e tendo en conta os valores democráticos, moi especialmente os da tolerancia e o respecto, participación, solidariedade e resolución pacífica e dialogada dos conflitos.

O noso centro procura un modelo de xestión participativo e democrático que facilitará que todos os estamentos que o compoñen dispoñan dos medios de información, consulta e participación necesarios para garantir unha consecución dos obxectivos comúns.

A participación do alumnado é imprescindible para a súa integración no funcionamento do centro e tamén para a súa formación como persoas activas, membros dunha sociedade democrática.

### **3. O CENTRO EDUCATIVO: ESPAZOS E SERVIZOS**

#### **3.1. Espazos e Instalacións**

Neste momento o Centro dispón de dous edificios: o principal, de tres plantas, entresollado e dous sotos, e o anexo, de dúas máis as naves anexas para talleres; o reparto dos espazos é o seguinte:

🏠 Edificio principal: 5 despachos (4 do Equipo Directivo e 1 do Dep. Orientación), aulas xenéricas, taller de Tecnoloxía de Bacharelato, 2 laboratorios (Ciencias Naturais e Física e Química), aulas dos Ciclos de Sanidade (2 aulas de Enfermería, 4 laboratorios e 2 aulas polivalentes), aulas dos ciclos de Imaxe Persoal (2 aulas de estética, 2 talleres de perrucaria e 2 aulas polivalentes), aula de Debuxo e Plástica, aula de informática, salón de actos, biblioteca, sala de profesores, departamentos, sala de pais, secretaria, conserxeria, cafetería, baños de alumnos e profesores.

🏠 Edificio anexo: aulas xenéricas, sala de profesores, aula de Música, taller de Tecnoloxía de ESO, aula informática da ESO, aula polivalente dos ciclos de Electricidade, ximnasio, e en naves anexas ao edificio: talleres do ciclo de Mecanizado (3), talleres dos ciclos de Electricidade (3) e pavillón con vestiarios e baños de alumnos.

Hoxe en día cada grupo dispón dunha aula propia e, ademais, existen aulas especializadas para aquelas materias que o necesiten. En calquera caso, constitúe un obxectivo fundamental seguir traballando nese senso, xa que ao ser cada grupo responsable da súa aula evitanse posibles danos, permitindo ademais unha supervisión máis eficaz.



Tamén se dispón de dous aparcamentos independentes, con portal automático, que a día de hoxe se quedan pequenos pois o total de persoal do centro é de 121 persoas.

Pódese dicir que, polo xeral, o estado das instalacións é bo aínda que mellorable. Todas as aulas están dotadas de canón proxector, pantalla de proxección e acceso a internet; existen ademais 10 encerados dixitais interactivas.

O maior problema do centro, en canto a instalacións, é respecto ao acceso para discapacitados; o Centro dispón da súa entrada principal ao nivel das beirarrúas, sen embargo carece de ascensor nos dous edificios; dita situación impide o acceso a alumnos discapacitados ou con lesións temporais ás demais plantas, nas cales están todas as aulas agás os talleres de electricidade e mecanizado, 2 aulas de informática e a aula de FOL (de feito, no edificio principal so existe unha aula na planta baixa, a de FOL); a situación vese agravada pola estreiteza das escadas, en especial as do edificio da ESO. Así mesmo, só se dispón dun baño adaptado a discapacitados na planta baixa.

### **3.2. Actividades Complementarias e extraescolares**

Con estas actividades reforzarase a relación do instituto co seu contorno máis próximo e suporán unha motivación para o alumnado; incluíranse cada curso na programación xeral anual, despois de ser aprobadas polo consello escolar, e recolleranse na memoria final de cada curso. O alumnado poderá facer propostas, por medio dos representantes, no Consello escolar.

A súa organización recaerá nos respectivos departamentos didácticos, baixo a coordinación da vicedirección. Os departamentos deberán propoñelas ao comezo de cada curso escolar utilizando o impreso que se lles facilita, cos modelos do centro, aos diferentes profesores. Unha vez aprobadas polo consello escolar, o equipo directivo informará semanalmente a toda a comunidade educativa das actividades (complementarias e extraescolares) que se realizarán a través duns paneis informativos que se colocarán nas salas de profesores. Tamén se porán follas informativas nos partes dos grupos implicados o día que corresponda a actividade.

As actividades que se fagan fóra do centro contarán coa autorización dos pais, das nais ou dos/as titores/as legais, no caso de ser menores de idade.

### 3.3. Servizos complementarios

#### 3.3.1. Transporte escolar

O IES Frei Martín Sarmiento dispón de 5 rutas de transporte, realizadas todas elas pola empresa Monbús, que son as seguintes:

<b>RUTA MOURENTE</b>	<b>RUTA A HERMIDA</b>	<b>RUTA TOMEZA</b>
<b>Cruce Ponte Caldelas</b>	<b>Salgueiriños</b>	<b>Marco</b>
<b>Cruce de Vilaverde</b>	<b>Rot. Juan Carlos I</b>	<b>Bértola</b>
<b>Correos</b>	<b>Cruce Ponte Caldelas</b>	<b>Casal do Río</b>
<b>Cruce Montecelo</b>	<b>Empalme Montecelo</b>	<b>Pobo</b>
<b>Montecelo</b>	<b>Ría de Abaixo</b>	<b>Santa Marta</b>
<b>Asador</b>	<b>Barcia</b>	<b>Lusquiños</b>
<b>Igrexa Mourente</b>	<b>Cruce da Hermida</b>	<b>Tomeza</b>
<b>O Pazo</b>	<b>A Peralba</b>	<b>Igrexa Tomeza</b>
<b>Carabelos</b>	<b>Marcón</b>	<b>Sabaris</b>
<b>Eiros</b>	<b>San Mauro</b>	<b>Pintos</b>
<b>Casas Novas</b>	<b>Vilafranca</b>	<b>Valadares</b>
		<b>Vilafranca</b>

<b>RUTA A PARDA</b>	<b>RUTA SALGUEIRIÑOS</b>
<b>Salgueiriños</b>	<b>r/ A Estrada</b>
<b>Rot. Juan Carlos I</b>	<b>Rotonda Juan Carlos I</b>
<b>San Mauro</b>	<b>Midas</b>
<b>Edificio Sunday</b>	<b>Cafetería Cristal</b>
<b>Tabacalera</b>	
<b>Xulgados</b>	
<b>A Parda</b>	

#### 3.3.2. Biblioteca Escolar

##### Xustificación

Tendo en conta o *Decreto 133/2007, do 5 de xuio, polo que se regulan as ensinanzas da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia* onde se establecen como competencias básicas para o alumnado a competencia en comunicación lingüística, a competencia no tratamento da información e competencia dixital, e a competencia cultural e artística, a Biblioteca Escolar debe perseguir os seguintes obxectivos xerais:

📖 *Ofrecer oportunidades para a utilización e produción de información que possibiliten a adquisición de coñecementos, a comprensión, o desenvolvemento da imaxinación e o lecer.*

📖 *Apoiar ao alumnado na aprendizaxe e na práctica de competencias de avaliación e utilización da información, en calquera soporte, formato ou medio, tendo en conta as formas de comunicación máis usuais na súa comunidade.*

📖 *Proporcionar acceso aos recursos locais, rexionais, nacionais e globais que lle permitan ao alumnado poñerse en contacto con ideas, experiencias e opinións diversas.*

Concibimos a biblioteca escolar como un dinámico centro de recursos e un activo servizo de información que cumpre un papel esencial en relación coa aprendizaxe dos alumnos e das alumnas, coas tarefas docentes e co contorno social e cultural do centro. Aparece como un espazo educativo, que alberga unha colección organizada e centralizada de todos os materiais informativos que precisa o centro para desenvolver a súa tarefa docente, baixo a supervisión de persoal cualificado, e as súas actividades intégranse plenamente nos procesos pedagóxicos do centro.

Será, polo tanto, un lugar favorable para o estudo, a investigación, o descubrimento, a autoformación e a lectura.

### **Principios básicos**

1. A biblioteca é, ante todo, un lugar de aprendizaxe, de encontro e comunicación, integrada no proceso pedagóxico para favorecer a autonomía e responsabilidade do alumnado.
2. A biblioteca recolle todos os recursos bibliográficos, informativos e didácticos en xeral. Non só atoparemos documentos impresos en papel (libros, revistas, periódicos), senón todos aqueles soportes nos que atopar información.
3. A xestión da biblioteca deberá ser centralizada, aínda que en permanente contacto e colaboración cos departamentos, sen perxuízo das bibliotecas de departamento ou de aula.
4. A biblioteca estará aberta a toda a comunidade educativa, relacionándose co seu contorno social e cultural, colaborando con outras institucións e utilizando as novas tecnoloxías que lle permiten estar en conexión con calquera outra biblioteca ou centro educativo.

### **Funcións da biblioteca**

1. Recompilar toda a documentación existente no centro, así como os materiais e recursos didácticos salientables, independentemente do soporte.
2. Organizar os recursos de tal xeito que sexan facilmente accesibles e utilizables. Facer posible o seu uso cando se necesiten, mediante un sistema de información centralizado.
3. Establecer canais de difusión da información no centro educativo, contribuíndo á creación dunha fluída rede de comunicación interna.
4. Difundir entre alumnado e profesorado información en diferentes soportes para satisfacer as necesidades curriculares, culturais e complementarias. Ofrecerlles asistencia e orientación.
5. Contribuir para que o alumnado adquira as capacidades necesarias para o uso das distintas fontes de información. Colaborar cos profesores e as profesoras para a consecución dos obxectivos pedagóxicos relacionados con este aspecto.
6. Impulsar actividades que fomenten a lectura como medio de pracer e de información.
7. Actuar como enlace con outras fontes e servizos de información externos e fomentar o seu uso por parte de alumnos/as e profesores/as.

### **Organización e funcionamento**

Para un bo funcionamento da biblioteca e unha boa organización da mesma é necesario contar coa figura do/a **profesor/a responsable da biblioteca** que ten un labor non só técnico senón tamén pedagóxico, ofrecendo ao alumnado todas as oportunidades para o uso axeitado das fontes de información e o acceso á lectura como forma de lecer e medio de enriquecemento persoal.

Así, as funcións do/a **profesor/a responsable da biblioteca** serán:

1. Organizar os fondos da biblioteca.
2. Recompilar e xestionar todo o material novo que chegue ao centro, así como o elaborado polo alumnado.
3. Asegurar a organización, mantemento e axeitada utilización dos recursos documentais e da biblioteca do centro.
4. Difundir, entre a comunidade educativa, materiais didácticos e información pedagóxica e cultural.

5. Organizar o servizo de préstamo.
6. Colaborar na planificación e o desenvolvemento do traballo escolar, favorecendo a utilización de diferentes recursos documentais.
7. Coordinar ao profesorado con horario de atención á biblioteca para que poidan atender os alumnos e alumnas que utilicen a biblioteca, facilitándolles o acceso a diferentes fontes de información e orientándolles sobre a súa utilización.
8. Coordinar o proxecto de adquisicións de fondos, recollendo as suxestións dos diversos departamentos do Centro, de xeito que se realice unha actualización equilibrada dos mesmos.
9. Artellar a cooperación coas outras bibliotecas do contorno.
10. Presentar á Comisión de Coordinación Pedagóxica (C.C.P.) as cuestións referentes á xestión, organización e mantemento da biblioteca.
11. Asesorar a expurga de fondos documentais da biblioteca, que pasarán a formar parte do fondo histórico.

Tamén existirá un *equipo de apoio da biblioteca* que terá as seguintes funcións:

1. Participar xunto co responsable da biblioteca na organización e dinamización da mesma.
2. Recompilar informacións, materiais e recursos necesarios para o bo funcionamento do servizo, co fin de facilitarllelos aos usuarios da biblioteca.
3. Cooperar no deseño, organización e posta en marcha das actividades programadas.
4. Elaborar unha listaxe de adquisicións de material que recolla as suxestións dos diferentes departamentos, así como dos alumnos e alumnas, establecendo prioridades en función dunha actualización equilibrada dos fondos.
5. Recoller as propostas do alumnado para desenvolver as actividades da biblioteca.
6. Reunirse periodicamente para avaliar a consecución dos obxectivos previstos no Proxecto de Biblioteca e modificar o que sexa necesario.

Todo o material da biblioteca será rexistrado en soporte informático empregando o “**Proxecto Meiga**”. Logo de gardar os novos rexistros, unha copia do catálogo da base datos será enviada ao servidor central da rede de Bibliotecas de Galicia co fin de poder ser publicada en internet. Os préstamos e devolucións de fondos serán xestionados tamén mediante o anterior programa.

## **4. OBXECTIVOS XERAIS DO CENTRO**

### **4.1. De ámbito psicopedagógico**

- ∑ Fomentar o desenvolvemento integral do alumnado.
- ∑ Dotar ao alumnado da formación adecuada para un axeitado exercicio da profesión elixida ou para unha axeitada elección dos seus itinerarios educativos.
- ∑ Estimular o pensamento crítico e reflexivo do alumnado.
- ∑ Fomentar o coñecemento e uso de técnicas e hábitos de traballo, integrando o uso das novas ferramentas da sociedade da información.
- ∑ Potenciar a actividade orientadora e tutorial.
- ∑ Enxerir a acción educativa dentro do contexto sociocultural do alumnado, incorporando ás programacións obxectivos e contidos relacionados co seu entorno por medio da apertura do centro á cidade.
- ∑ Organizar o grupo-clase de forma que se favoreza o aprendizaxe cooperativo entre os membros do mesmo.
- ∑ Facer da avaliación, por unha banda, unha verdadeira análise de todo o proceso educativo en xeral e de cada alumno en particular e, por outra, un instrumento de motivación e autoestima.
- ∑ Potenciar o uso da lingua galega e o estudo dos distintos aspectos da nosa cultura.

### **4.2. De ámbito institucional**

- ∑ Adaptar o centro ás modificacións legislativas de ámbito estatal e comunitario que afecten ao eido educativo dun xeito equilibrado.
- ∑ Favorecer a discusión sobre o proceso educativo e a coordinación entre docentes.
- ∑ Estimular o funcionamento harmonioso e dialogante dos distintos estamentos.
- ∑ Favorecer a relación do centro con outros e co resto da sociedade.
- ∑ Fomentar o contacto coas empresas do entorno de cara á realización de prácticas por parte do alumnado, así como de promover a actualización das ensinanzas profesionais.

### **4.3. De ámbito humano**

- ∑ Estimular a tolerancia e o respecto como norma de convivencia.

🎓 Potenciar o diálogo como método de resolución de conflitos, utilizando a mediación nos supostos aos que se lle sexa aplicable por mor dunha voluntariedade das partes.

🎓 Impulsar as vías de participación efectiva dos pais e o alumnado na marcha do centro.

🎓 Estimular a participación do profesorado en actividades de formación.

#### 4.4. De ámbito medioambiental

🎓 Promover o coidado do medio natural e do entorno no que convive o alumnado, en particular o do centro e as súas instalacións.

### 5. ENSINANZAS EDUCATIVAS OFERTADAS

A oferta educativa de centro poderá variar cada curso escolar en función da normativa vixente e do que se aprobe no Consello Escolar. Nos cadros que se amosan a continuación temos as distintas ensinanzas que se poden cursar no centro coas correspondentes materias optativas.





A organización e estrutura da Educación Secundaria Obrigatoria (E.S.O.) ven lexislada polo Decreto 133/2007, do 5 de xullo, polo que se regulan as ensinanzas da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e a Orde do 6 de setembro de 2007 pola que se desenvolve a implantación da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

MATERIAS	1º ESO	2º ESO	3º ESO	4º ESO Itin. A	4º ESO Itin. B	4º ESO Itin. C
Bioloxía e Xeoloxía	-	-	2	3*	-	-
Ciencias da Natureza	4	3	-	-	-	-
Ciencias Sociais, Xeografía e Historia	3	3	3	3	3	3
Educación Física	2	2	2	2	2	2
Educación para a Cidadanía e Dereitos Humanos	-	2	-	-	-	-
Educación Ético - Cívica	-	-	-	1	1	1
Educación Plástica e Visual	2	-	2	3*	3*	3*
Física e Química	-	-	2	3*	-	3*
Informática	-	-	-	-	-	-
Latín	-	-	-	-	3*	-
Lingua Galega e Literatura	4	3	3	3	3	3
Lingua Castelá e Literatura	4	3	3	3	3	3
Primeira Lingua Estranxeira	3	3	3	3	3	3
Segunda Lingua Estranxeira	2	2	-	-	-	-

MATERIAS	1º ESO	2º ESO	3º ESO	4º ESO Itin. A	4º ESO Itin. B	4º ESO Itin. C
Matemáticas	4	4	4	3	3	3
Música	-	2	2	-	3*	-
Tecnoloxía	-	-	-	-	-	3*
Tecnoloxías	-	3	2	-	-	-
Relixión/Alternativa	2	1	1	1	1	1
Proxecto Interdisciplinar	1	-	-	-	-	-
Titoría	1	1	1	1	1	1
Optativas (escoller unha)	-	-	2	3	3	3
TOTAL	32	32	32	23+9*	23+9*	23+9*

En vermello as tres materias modais de cada un dos itinerarios.

PROGRAMA DE DIVERSIFICACIÓN CURRICULAR 1º ANO (3º ESO)	PROGRAMA DE DIVERSIFICACIÓN CURRICULAR 2º ANO (4º ESO)
<b>ÁMBITO LINGÜÍSTICO-SOCIAL: 9 horas</b> <b>ÁMBITO CIENTÍFICO-TÉCNICO: 9 horas</b> Lingua estranxeira: <b>3 horas</b> Educación plástica e visual: <b>2 horas</b> (grupo de referencia) Tecnoloxías: <b>3 horas</b> Materia optativa: <b>2 horas</b> (grupo de referencia) Educación física: <b>2 horas</b> (grupo de referencia) Relixión/Alternativa: <b>1 hora</b> (grupo de referencia) Titoría: <b>1 hora</b> .	<b>ÁMBITO LINGÜÍSTICO-SOCIAL: 8 horas</b> <b>ÁMBITO CIENTÍFICO-TÉCNICO: 8 horas</b> Lingua estranxeira: <b>3 horas</b> Música: <b>3 horas</b> (grupo de referencia) Tecnoloxía: <b>3 horas</b> Materia optativa: <b>3 horas</b> (grupo de referencia) Educación física: <b>2 horas</b> (grupo de referencia) Relixión/Alternativa: <b>1 hora</b> (grupo de referencia) Titoría: <b>1 hora</b> .

OPTATIVAS				
3º ESO	 <i>2ª Lingua estranxeira FRANCÉS</i>  <i>Cultura clásica</i>  <i>Obradoiro de iniciativas emprendedoras</i>  <i>Técnicas de expresión escrita (obligatoria para os alumnos de Diversificación Curricular)</i>			
	<i>OPCIÓN A</i>	<i>OPCIÓN B</i>	<i>OPCIÓN C</i>	
4º ESO	Informática Ciencias Medioambientais Obradoiro de iniciativas emprendedoras 2ª Lingua estranxeira Francés	Informática Cultura clásica Obradoiro de iniciativas emprendedoras 2ª Lingua estranxeira Francés	Informática Bioloxía e Xeoloxía Iniciac. profes. electricidade-electrónica Iniciación profesional á mecánica	Informática
	<b>OPCIÓN A:</b> Orientada a aqueles alumnos/a que queiran estudar o Bacharelato de Científico - Tecnolóxico ou Ciclos Formativos relacionados coa área das Ciencias e da Tecnoloxía (sanidade, pesca, agricultura, cultivos mariños, electricidade/electrónica, automoción, madeira, construción e obra civil...)			
	<b>OPCIÓN B:</b> Orientada a aqueles alumnos/as que queiran facer Bacharelato de Artes, Bacharelato de Humanidades e Ciencias Sociais ou Ciclos Formativos relacionados con dita área (administración, comercio e marketing, servizos socioculturais e á comunidade ...)			
	<b>OPCIÓN C:</b> Orientada a aqueles alumnos/as que queiran estudar Bacharelato Científico - Tecnolóxico ou Ciclos Formativos relacionados coa área de Tecnoloxía (electricidade, electrónica, automoción, artes gráficas, imaxe e son ...)			



En canto ao Bacharelato, a súa estrutura responde ao Decreto 126/2008, do 19 de xuño, polo que se establece a ordenación e o currículo de bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, á Orde do 24 de xuño de 2008 pola que se desenvolve a organización e o currículo das ensinanzas de bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, á Orde do 25 de xuño de 2008 pola que se establece a relación de materias optativas do bacharelato, o seu currículo e se regula a súa oferta e á Orde do 23 de setembro de 2008 pola que se amplía a oferta de materias optativas do bacharelato e se establece o seu currículo.

<b>Materias comúns</b>			
1º curso	Horas	2º curso	Horas
Ciencias para o mundo contemporáneo	2	Historia de España	3
Educación Física	2	Historia da Filosofía	3
Filosofía e cidadanía	2	Lingua galega e Literatura II	3
Lingua galega e Literatura I	3	Lingua castelá e Literatura II	3
Lingua castelá e Literatura I	3	Lingua estranxeira II	3
Lingua estranxeira	3	Relixión ou Alternativa	1
Relixión ou Alternativa	1		

<b>BACHARELATO de Artes Escénicas, Música e Danza</b>					
<b>Materias propias da modalidade</b>	1º Curso	Horas	2º Curso		Horas
	Cultura Audiovisual	4	Hª da música e a danza		4
	Análise musical I	4	Artes Escénicas		4
	Linguaxe e práctica musical	4	Literatura Universal	Escoller unha	4
Análise Musical II			4		
<b>Optativas (escoller unha)</b>	Anatomía Aplicada	4	Literatura universal		4
	Tecnoloxías da información e comunicación	4	Hª da Arte		4
	2ª lingua estranxeira (Francés)	4	2ª lingua estranxeira (Francés)		4

<b>BACHARELATO de Ciencias e Tecnoloxía</b>							
	1º Curso	Horas		2º Curso			Horas
				Itinerario A	Itinerario B	Itinerario C	
<b>Materias propias de modalidade</b>	Matemáticas I	4		Matemáticas II	Matemáticas II	Matemáticas II	4
	Física e Química	4		Física	Bioloxía	Física	4
	Tecnoloxía Industrial I	Escoller unha	4	Química	Química ou Ciencias da Terra	Electrotecnia	4
	Bioloxía e Xeoloxía		4				
Debuxo Técnico I	4						
<b>Optativas (escoller unha)</b>	Tecnoloxía Industrial I	4		Debuxo Técnico II	Segunda lingua estranxeira II (Francés)	Tecnoloxía Industrial II	4
	Bioloxía e Xeoloxía	4		Bioloxía	Ciencias da terra	Debuxo Técnico II	4

	Debuxo Técnico I	4	Tecnoloxía Industrial II	Química		4
	Tecnoloxías da información e comunicación	4	Electrotecnia	Métodos Estatísticos		4
	2ª lingua estranxeira I (Francés)	4				

BACHARELATO de Humanidades e Ciencias Sociais						
	1º Curso	Horas		2º Curso		Horas
				Itinerario A	Itinerario B	
<b>Materias propias de modalidade</b>	Hª do mundo contemporáneo	4		Matemáticas aplicadas ás CCSS II	Literatura Universal	4
	Economía I	4		Economía de empresa	Hª da Arte	4
	Matemáticas aplicadas ás CCSS I	Escoller unha	4	Xeografía	Xeografía	4
	Latin I		4			
<b>Optativas (escoller unha)</b>	Tecnoloxías da información e comunicación	4		Segunda lingua estranxeira II (Francés)		4
	2ª lingua estranxeira I (Francés)	4		Métodos Estatísticos		4
				Artes escénicas		4
				Literatura Universal		4

En referencia aos ciclos formativos, a oferta ven dada polos currículos publicados pola Consellería polo que non imos repetir aquí os módulos que se imparten en cada un dos ciclos.

## 6. ORGANIZACIÓN E XESTIÓN DO CENTRO

Neste apartado recóllense dunha maneira xeral e esquemática os distintos órganos e comisións de funcionamento do centro. No anexo referente ás *Normas de organización e funcionamento* tratarase en maior profundidade as funcións e competencias dos mesmos.

### 6.1. ÓRGANOS DE GOBERNO

Os órganos de funcionamento do centro, o seu nomeamento e as súas funcións, veñen determinados por lei.

#### Órganos unipersoais

 Director/a.

- Vicedirector/a.
- Xefe/a de Estudos.
- Xefe/a de Estudos de Adultos.
- Secretario/a.

### **Órganos colexiados**

- Consello escolar.
- Claustro de profesores/as.

## **6.2. ORGANIZACIÓN DO PROFESORADO**

### **6.2.1. Departamentos didácticos**

Integrados polos profesores e polas profesoras que impartan a mesma materia ou ámbito. Terán asignada unha cantidade orzamentaria do centro que dedicarán a gastos segundo as súas necesidades e coordinarán co/a administrador/a os seus investimentos.

### **6.2.2. Departamento de orientación**

Formarán parte do departamento de orientación o/ xefe/a do departamento, o/a profesor/a de Pedagogía Terapéutica, un titor ou titora por cada un dos ámbitos lingüístico-social e científico-tecnolóxico, intentando que existan tutores/as de todas as etapas educativas impartidas no centro, e os/as xefes/as dos departamentos de orientación dos C.E.I.P. adscritos.

Todas as súas funcións están recollidas no *Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.*

### **6.2.3. Comisión de Coordinación Pedagóxica (C.C.P.)**

Integrada polos/as xefes/as dos distintos departamentos, o responsable da dinamización lingüística, o coordinador/a de FCT, o/a profesor/a de Pedagogía Terapéutica, dirección do centro e os/as xefes/as de estudos. Tamén se incorporou ao responsable da dinamización da biblioteca, con voz pero sen voto.

É o máximo órgano de planificación, animación, control, supervisión e avaliación dos temas académicos do centro.

### **6.2.4. Xuntas de avaliación**

Constituídas por todos/as os/as profesores/as do grupo e tamén pola persoa orientadora do centro. Na E.S.O. tamén forma parte o/a profesor/a de pedagogía terapéutica. Tomarán decisións sobre a promoción e titulación do alumnado, e sobre todo tipo de medidas relacionadas coa súa actividade educativa.

#### **6.2.5. Equipo de dinamización lingüística**

Segundo o artigo 15º do *Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia*, para potenciar o uso da lingua galega nos centros sostidos con fondos públicos constituirase un equipo de dinamización da lingua galega, nomeado e supervisado pola dirección do centro e formado polo seu coordinador(a), por profesorado, por representantes do alumnado e por persoal non docente.

#### **6.2.6. Coordinador TIC**

A fin de poder lograr unha maior difusión das Tecnoloxías da información e comunicación no centro, establécese a figura do coordinador TIC quen terá entre outras funcións:

- ∑ Fomentar a páxina web do centro como espazo de comunicación e de colaboración con toda a comunidade educativa.
- ∑ Coordinar a acción do profesorado de distintas áreas e materias en relación ao traballo coas TIC.
- ∑ Facilitar o acceso a esta ferramenta por parte do alumnado con necesidades especiais de apoio educativo e nas tarefas de apoio e reforzo de aprendizaxes.
- ∑ Fornecer o alumnado de estratexias para obter e xestionar a información conseguida mediante o uso das tecnoloxías da información e a comunicación.
- ∑ Mellorar a proposta pedagóxica do profesorado e a súa práctica docente ao aproveitar as posibilidades que ofrecen as tecnoloxías da información e a comunicación.
- ∑ Facilitar ao profesorado axuda coas tecnoloxías da información e a comunicación para o traballo cotián e nas actividades de aula: programacións, proxectos, explicacións, actividades...

#### **6.2.7. Equipo da biblioteca**

Será un grupo de apoio, de carácter interdisciplinar, formado por profesorado dos diferentes departamentos presentes no centro, con dispoñibilidade e dedicación específica para a realización das distintas tarefas derivadas do proxecto de biblioteca do centro. Estará coordinado pola persoa responsable da biblioteca.

#### **6.2.8. Comisión de coordinación da avaliación de diagnóstico**

Estará formada polo director ou pola directora do centro, que a presidirá, o xefe/a de estudos, o xefe/a do departamento de orientación e un titor ou unha titora de 2º de E.S.O, nomeados pola dirección do centro.

As condicións e o procedemento de realización da proba de avaliación diagnóstica na Comunidade Autónoma galega están reguladas pola *Orde do 16 de febreiro de 2009 pola que se regula o desenvolvemento da avaliación diagnóstica na Comunidade Autónoma de Galicia*.

#### **6.2.9. Grupos de traballo e seminarios permanentes**

Todos os cursos académicos os profesores e as profesoras que o desexen poderán constituír grupos para traballar sobre distintos ámbitos de mellora da súa práctica docente. O obxecto destes grupos será potenciar o traballo en equipo, reflexionar sobre os procesos de ensinanza e aprendizaxe e actualizar coñecementos para a súa práctica docente.

#### **6.2.10. Observatorio da convivencia escolar**

Estará formado polo/a director/a, os/as xefes/as de estudos, catro representantes do profesorado, o/a orientador/a do centro, un representante do alumnado, un representante dos/das pais/nais, un representante do persoal non docente, o representante do Concello e a persoa dinamizadora da convivencia no centro.

O seu funcionamento e funcións están reguladas polo *Decreto 85/2007, do 12 de abril, polo que se crea e se regula o Observatorio Galego da Convivencia Escolar*; entre estas funcións están:

- Participar na dinamización do plan de convivencia do centro e na mediación escolar.

- ∑ Elaborar un informe anual sobre a análise da convivencia e conflictividade no seu ámbito, así como sobre as iniciativas a nivel centro. Este informe será trasladado ao Observatorio da Convivencia Escolar a nivel provincial.
- ∑ Informar trimestralmente ao Consello Escolar sobre a convivencia no centro.
- ∑ Coordinar as actuacións conxuntas dos ámbitos implicados e relacionadas coa mellora da convivencia.
- ∑ Propoñer á Administración educativa todas aquelas medidas que se consideren oportunas para a mellora da convivencia escolar no centro.
- ∑ Aqueloutras que lle sexan encomendadas pola Administración educativa ou polo Observatorio da Convivencia Escolar a nivel provincial.

### **6.3. ORGANIZACIÓN DO ALUMNADO**

#### **6.3.1.Xunta de delegados/as**

Estará composta polos representantes do alumnado no Consello Escolar e polo/a delegado/a de cada grupo. As súas funcións están recollidas no *Decreto 324/1996, do 26 de xuño, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria*, no título V.

Cada grupo de alumnos/as elixirá, por sufraxio directo, secreto e non delegado, durante o primeiro mes do curso escolar un delegado de grupo, que formará parte da xunta de delegados, e tamén un subdelegado que substituirá ao delegado en caso de ausencia ou enfermidade e o apoiará nas súas funcións. As súas funcións están recollidas tamén no anterior decreto.

### **6.4. ORGANIZACIÓN DO PERSOAL NON DOCENTE**

Dadas as particularidades do centro, o horario do persoal non docente ten que organizarse en quendas de mañá e de tarde a fin de poder cubrir todo o seu horario .

O horario e o número de persoas existentes en cada quenda é o seguinte:

#### **∑ Subalternos:**

☞ **Mañá:** de 8:00 a 15:30 h. 2 persoas.

☞ **Tarde:** de 15:30 a 23:00 h. 2 persoas.

### **Administrativos:**

🕒 **Mañá:** de 8:00 a 15:30 h. 4 persoas agás os martes que están 3.

🕒 **Martes pola tarde:** de 16:00 a 21:00 h. 1 persoa.

### **Limpeza:**

🕒 **Mañá:** de 8:00 a 15:30 h. 1 persoa rotatoria entre elas.

🕒 **Tarde:** de 14:30 a 22:00 h. 4 persoas.

## **7. CONCRECIÓN DO CURRÍCULO**

### **7.1. ADECUACIÓN DOS OBXECTIVOS XERAIS DE ETAPA AO CONTEXTO DO CENTRO**

#### **7.1.1. Educación secundaria obrigatoria**

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lles permitan:

1. Consolidar hábitos de disciplina, responsabilidade, estudo e traballo individual e en equipo, de uso da iniciativa persoal, toma de decisións e planificación de metas persoais, de distintas formas de aprender a aprender, como condicións imprescindibles para o desenvolvemento da autoconfianza e competencia persoal.
2. Comprender e expresarse con corrección, oralmente e por escrito, nas linguas cooficiais e en máis dunha lingua estranxeira, utilizándoas de maneira versátil para diferentes contextos e intencións comunicativas, e valorar a empatía na comunicación como instrumento de autorregulación do pensamento e eixe da convivencia.
3. Desenvolver destrezas na procura, selección, organización e integración coherente da información, como estratexia para adquirir novos coñecementos e resolver problemas académicos e cotiás a través do uso habitual de distintos recursos, especialmente, das tecnoloxías da información e a comunicación.
4. Fortalecer no alumnado as capacidades afectivas da personalidade e das súas relacións interpersoais, rexeitando os prexuízos e os comportamentos sexistas, co fin de acadar sempre a inclusión na comunidade educativa, e resolver pacificamente os conflitos.
5. Desenvolver e aplicar o pensamento científico-técnico, utilizando valores e criterios éticos, asemade de análise sistemática e economía e eficacia, que

- permitan adquirir actitudes para a resolución de problemas de distinta complexidade, en diversos campos do coñecemento e en situacións da vida cotiá.
6. Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico propio e da diversidade de persoas e pobos, participando na súa conservación e mellora con sentimento de cidadanía global e plural compatible coa identidade local.
  7. Coñecer, aceptar e respectar o funcionamento do corpo humano propio e doutras persoas, e desenvolver o coidado e calidade da saúde corporal persoal e social, afianzando hábitos de práctica, crítica e responsable, de actividade física e deporte, de consumo racional, así como de interacción e conservación do espazo físico e dos seres vivos.
  8. Capacitar aos alumnos con aprendizaxes integradores que lles permitan alcanzar o gusto por aprender, o éxito académico e a incorporación a estudos posteriores ou a vida laboral.
  9. Coñecer, comprender e valorar as distintas linguaxes e manifestacións artísticas, culturais e deportivas, e achegas relevantes, como parte da diversidade e da evolución do patrimonio dos pobos, dialogo intercultural, forma de desenvolvemento do pensamento diverxente-converxente e como fonte de enriquecemento e gozo.
  10. Participar nas actividades propostas pola comunidade educativa, mostrando exercicio na cidadanía democrática nunha sociedade [plural. ao](#) asumir responsablemente os deberes e dereitos no respecto ás outras persoas e grupos, exercitar o diálogo, practicar a tolerancia, a igualdade e equidade, e a cooperación e solidariedade.

### 7.1.2. Bacharelato

O Bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lles permitan:

1. Dominar, tanto na expresión oral coma na escrita, **a lingua galega e a lingua castelá, e unha ou máis linguas estranxeiras**, acadando a capacidade de expresarse correctamente en público a través de distintos tipos de discurso acordes con diferentes contextos sociais e culturais, e de comunicarse de xeito que establezan vínculos construtivos cos demais e co contorno.



2. Utilizar eficazmente e con responsabilidade as funcións transmisora e xeradora das **tecnoloxías da información e da comunicación**, como ferramentas para conseguir **obxectivos e fins de aprendizaxe, traballo e lecer**, previamente establecidos.
3. Coñecer e valorar criticamente as **realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos** e os principais factores da súa evolución, as súas escalas de valores no marco dos patróns culturais básicos de cada rexión, país ou comunidade e contribuír a afianzar e conservar **o patrimonio material e inmaterial de Galicia** no contexto dun mundo globalizado.
4. Exercer a **cidadanía democrática**, dende unha perspectiva global, actuando con criterio propio e practicando normas de convivencia que amosen adquirir unha **conciencia cívica responsable, que fomente a corresponsabilidade** e compromiso na construción dunha sociedade plural xusta e equitativa en **dereitos e oportunidades das persoas** e favoreza a sustentabilidade.
5. **Reforzar os hábitos de lectura, estudo e autonomía** así como actitudes de iniciativa, autoconfianza, de **traballo en equipo**, de creatividade, flexibilidade, como condicións necesarias para o desenvolvemento dunha **madurez intelectual e humana, persoal e social** que lles permita **resolver** responsable, crítica e **pacíficamente os conflitos persoais, familiares e sociais**.
6. Acceder aos **coñecementos e métodos científicos e tecnolóxicos fundamentais** e dominar as habilidades básicas propias da modalidade de **bacharelato** elixida, e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida.
7. Reforzar actitudes de respecto e de prevención no ámbito da **seguridade viaria**.
8. Participar de forma solidaria en actividades que fomenten o desenvolvemento e **mellora do seu contorno social** e afianzar a sensibilidade e o respecto do medio natural e a **ordenación sustentable** do territorio, con especial referencia ao **territorio galego**, procurando a conservación dos recursos e da diversidade.
9. Proporcionar ao alumnado a formación, a madurez, os coñecementos e habilidades que lle permitan desenvolver funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e competencia, asemade como capacitar **para o acceso educación superior ou ao ámbito laboral, e valorar a importancia da educación permanente durante toda a vida**.

10. Desenvolver a **sensibilidade cara a manifestacións artísticas, literarias e deportivas**, así como as habilidades perceptivas e comunicativas, sentido estético e valoración da liberdade de expresión que requiren, como fontes para cultivar a capacidade creadora, enriquecemento cultural e participación e conservación do patrimonio da propia comunidade como doutras.
11. Afianzar hábitos de utilización da **educación física e o deporte** para favorecer o **desenvolvemento persoal e social** e impulsar **condutas e hábitos saudables e de gozo do tempo de lecer**.

## **7.2. ASPECTOS XERAIS PARA A ELABORACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DOCENTES**

### **7.2.1. Instrucións para a elaboración de programacións didácticas**

Os diferentes departamentos do I.E.S. Frei Martín Sarmiento deberán seguir o seguinte protocolo á hora da elaboración das distintas programacións didácticas:

1. Cada un dos departamentos didácticos deberá **elaborar a programación** de cada unha das materias ou ámbitos que teña asignados.
2. A xefatura de cada departamento deberá coordinar e responsabilizarse da redacción da programación didáctica das materias que se integran no seu departamento (que serán elaboradas polo profesorado que imparte os módulos).
3. Os/As xefes/xefas de departamento entregarán as programacións ou modificacións das mesmas en formato electrónico antes do **inicio** do curso escolar.
4. A Xefatura de Estudos do centro comprobará que na programación de cada un dos departamentos figuran os apartados correspondentes. De faltar algún dos apartados deberá instar ao departamento correspondente a completar a programación incluíndo os apartados dos que carece.
5. Unha vez que a xefatura de estudos teña no seu poder todas as programacións cumprimentadas correctamente **deberá remitir unha copia ao servizo de inspección educativa en formato electrónico**. No escrito de remisión farase constar expresamente que todas as programacións conteñen os apartados que a normativa vixente contempla.
6. O cambio de profesorado non debe implicar unha nova programación senón que todo profesor/a que se incorpore a un departamento debe adaptarse á programación vixente.

7. Se algún profesor/a decidira incluír na programación da súa actividade docente algunha variación con respecto á programación conxunta do departamento, esta variación e a xustificación correspondente incluírase na programación do dito departamento, sempre que así o acorde o citado órgano ou, en último caso, a comisión de coordinación pedagóxica.
8. Antes do comezo de cada curso a xefatura de cada departamento didáctico elaborará **información relativa á programación didáctica** que dará a coñecer ao alumnado a través do profesorado das distintas materias asignadas a cada departamento. Esta información incluírá:
  - ∑ Introducción e contextualización
  - ∑ Contribución das áreas e materias ao logro das competencias básicas (na ESO)
  - ∑ Obxectivos por curso
  - ∑ Secuencia de contidos
  - ∑ Temporalización
  - ∑ Criterios de avaliación / Na ESO en relación coas competencias básicas
  - ∑ Mínimos esixibles
  - ∑ Procedementos de avaliación
  - ∑ Instrumentos de avaliación
  - ∑ Procedementos para a realización da avaliación inicial (na ESO)
  - ∑ Criterios de cualificación
  - ∑ Plans de traballo para superación de materias pendentes (na ESO)
  - ∑ Procedemento para a cualificación das materias pendentes ou da nota final do curso se hai alumnado que asiste a programas de reforzo con atribución horaria (na ESO)
  - ∑ Programas específicos personalizados para o alumnado repetidor (na ESO)
  - ∑ Actividades de seguimento das materias pendentes (no BAC)
  - ∑ Procedementos para acreditar os coñecementos previos (BAC art.3.7 Ord.24/06/2008)
  - ∑ Metodoloxía didáctica (BAC:incidindo no impulso da autonomía persoal)
  - ∑ Medidas de atención á diversidade.
  - ∑ Programación da educación en valores.
  - ∑ Accións de contribución ao proxecto lector.
  - ∑ Accións de contribución ao plan TIC.

- Accións de contribución ao plan de convivencia.
- Materiais e recursos didácticos incluídos os libros de texto.
- Actividades complementarias e extraescolares.
- Procedementos para avaliar a propia programación

No caso das programacións das materias específicas e dos ámbitos propios dos **programas de diversificación curricular** habería que engadir o seguinte punto:

- Criterios e procedementos para a avaliación e revisión do programa.

Para os ciclos formativos, as programacións deberán rexerse segundo o modelo do anexo XIII da *Orde do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial*.

### **7.3. DECISIONS DE CARÁCTER XERAL SOBRE A METODOLOXÍA E A SÚA CONTRIBUCIÓN Á CONSECUCIÓN DAS COMPETENCIAS BÁSICAS**

A Comisión Europea da Educación estableceu unhas competencias clave ou destrezas básicas necesarias para a aprendizaxe das persoas **ao longo da vida** e animou aos estados membros a dirixir as súas políticas educativas nesta dirección. Defínese a competencia clave ou básica como a capacidade de responder ás demandas complexas e levar a cabo tarefas diversas da forma adecuada.

Supón unha combinación das habilidades prácticas, coñecementos, motivacións, valores éticos, actitudes, emocións e outros compoñentes sociais que actúen conxuntamente para o logro dunha acción eficaz. As competencias claves son aquelas nas que se sustentan a realización persoal, a inclusión social, a cidadanía activa e o emprego.

O artigo 6 da *Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (L.O.E.)* (B.O.E. N° 106, 4-maio-2006) define o currículo como “o conxunto de obxectivos, competencias básicas, contidos, métodos pedagóxicos e criterios de avaliación” .

No artigo 144 da lei di que “o *Instituto de Avaliación e os organismos correspondentes das Administracións Educativas, no prazo que lles compete, colaborarán na realización das avaliacións xerais de diagnóstico, que permitan obter datos representativos, tanto do alumnado e dos centros das Comunidades Autónomas como do conxunto do Estado*”. Estas avaliacións versarán sobre as competencias básicas do currículo,

realizaranse na ensinanza primaria e secundaria e incluírán, en todo caso, as previstas nos artigos 21 e 29.

Segundo o artigo 21, *“ao finalizar o segundo ciclo da Educación Primaria todos os centros realizarán unha avaliación de diagnóstico das competencias básicas alcanzadas polos seus alumnos”*.

Segundo o artigo 29, *“ao finalizar o segundo curso da Educación Secundaria Obrigatoria todos os centros realizarán unha avaliación de diagnóstico das competencias básicas alcanzadas polos seus alumnos”*.

A L.O.E., no artigo 20.2, establece que *“o alumnado accederá ao ciclo educativo ou etapa seguinte sempre que se considere que alcanzou as competencias básicas correspondentes e o axeitado grao de madurez”*.

Ademais, no artigo 31, determina que *“os alumnos que ao rematar a Educación Secundaria Obrigatoria teñan alcanzado as competencias básicas e os obxectivos da etapa obterán o título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria”*.

No noso sistema educativo considérase que as competencias básicas que debe ter o alumno cando finaliza a súa escolaridade obrigatoria para enfrontarse aos retos da súa vida persoal e laboral son as seguintes:

- a) Competencia en comunicación lingüística:** A competencias en comunicación lingüística refírese á utilización da linguaxe como instrumento tanto de comunicación oral e escrita como de aprendizaxe e de regulación de condutas e emocións. A comunicación en linguas estranxeiras esixe tamén posuír capacidades tales como a mediación e a comprensión intercultural. Esta competencia contribúe á creación dunha imaxe persoal positiva e fomenta as relacións construtivas cos demais e co entorno. Aprender a comunicarse é establecer lazos con outras persoas, é acercarnos a novas culturas que adquiren consideración e afecto na medida que se coñecen. O desenvolvemento da competencia lingüística é crave para aprender a resolver conflitos e para aprender a convivir.
- b) Competencia matemática:** Habilidade para utilizar números e as súas operacións básicas, os símbolos e as formas de expresión e razoamento matemático para producir e interpretar, para coñecer máis sobre aspectos cuantitativos e espaciais da realidade e para resolver problemas relacionados coa vida diaria e o mundo laboral.

- c) **Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico:** Habilidade para interactuar co mundo físico, tanto nos seus aspectos naturais como nos xerados pola acción humana, de modo que facilite a comprensión dos sucesos, a predición de consecuencias e a actividade dirixida á mellora e preservación das condicións de vida propia, dos demais homes e mulleres e do resto dos seres vivos.
- d) **Competencia no tratamento da información e competencia dixital:** Habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar a información e transformala en coñecemento. Inclúe aspectos diferentes que van dende o acceso e selección da información ata o uso e a transmisión desta en distintos soportes, incluíndo a utilización das tecnoloxías da información e a comunicación como un elemento esencial para informarse e comunicarse.
- e) **Competencia social e cidadá:** Esta competencia permite vivir en sociedade, comprender a realidade social do mundo en que se vive e exercer a cidadanía democrática. Incorpora formas de comportamento individual que capacitan ás persoas para convivir nunha sociedade cada vez máis plural, relacionarse cos demais, cooperar, comprometerse e afrontar os conflitos. Adquirir esta competencia supón ser capaz de poñerse no lugar do outro, aceptar as diferenzas, ser tolerante e respectar os valores, as crenzas, as culturas e a historia persoal e colectiva dos outros.
- f) **Competencia cultural e artística:** Esta competencia supón apreciar, comprender e valorar criticamente diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilízalas como fonte de gozo e enriquecemento persoal e consideralas como parte do patrimonio cultural dos pobos.
- g) **Competencia para aprender a aprender:** Aprender a aprender supón iniciarse na aprendizaxe e ser capaz de continuala de maneira autónoma. Supón tamén poder desenvolverse ante as incertezas tratando de buscar respostas que satisfagan a lóxica do coñecemento racional. Implica admitir diversidade de respostas posibles ante un mesmo problema e encontrar motivación para buscalas dende diversos enfoques metodolóxicos.
- h) **Competencia na autonomía e iniciativa persoal:** Esta competencia refírese á posibilidade de optar cun criterio propio e levar adiante as iniciativas necesarias para desenvolver a opción elixida e facerse responsable dela, tanto no ámbito persoal como no social ou laboral.
-

O Bacharelato, que forma parte da educación secundaria na fase postobligatoria, debe ser unha etapa de consolidación das competencias adquiridas na Ensinanza Secundaria Obrigatoria e así tanto a L.O.E. como o **Decreto 126/2008, do 19 de xuño, polo que se establece a ordenación e o currículo de bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia** (D.O.G. N° 120, 23 de xuño de 2008) establecen como finalidade nesta etapa “proporcionarlle ao alumnado a formación, a madurez intelectual e humana, os coñecementos e habilidades que lle permitan desenvolver funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e **competencia**, así como capacitarse para o acceso á educación superior”.

Por último, segundo o artigo 3 da **Orde do 24 de xuño de 2008 pola que se regula a educación básica para as persoas adultas e se establece o seu currículo na Comunidade Autónoma de Galicia** (D.O.G. N° 142, 23 de xullo de 2008), “o currículo das ensinanzas básicas iniciais e da educación secundaria para persoas adultas oriéntanse ao logro das competencias básicas”.

Todas as competencias citadas anteriormente teñen as seguintes **características**:

- ∑ Proporcionan a capacidade de saber facer, é dicir, de aplicar os coñecementos a os problemas da vida profesional e persoal.
- ∑ Son susceptibles de axeitarse a unha diversidade de contextos.
- ∑ Teñen un carácter integrador, agrupando os coñecementos, os procedementos e as actitudes.
- ∑ Permiten integrar e relacionar os aprendizaxes cos distintos tipos de contidos, utilízalos de maneira efectiva e aplícalos en diferentes situacións e contextos.
- ∑ Deben ser aprendidas, renovadas e mantidas ao longo de toda a vida.

Polo tanto, desde o noso centro debemos contribuír a:

- ∑ Adaptar o proceso da ensinanza-aprendizaxe á sociedade actual, en continuo cambio.
- ∑ Transformar o concepto tradicional da ensinanza baseado na adquisición de coñecementos nun concepto moderno de aprendizaxe baseado na capacidade de resolver situacións ao longo da vida.

Por iso haberá que tomar unha serie de medidas para que o alumnado adquira estas competencias. Por un lado, mediante a **contribución que cada materia** faga a través das súas programacións didácticas, e por outro lado, tomando **medidas non curriculares**

relacionadas coa organización e funcionamento do centro, o plan de acción tutorial, o plan de convivencia, a planificación das actividades extraescolares e complementarias, a relación coas familias, etc.

#### **7.4. INCORPORACIÓN, A TRAVÉS DAS DISTINTAS ÁREAS E MATERIAS DA EDUCACIÓN EN VALORES**

Tal como se recolle nos obxectivos xerais do centro, o obxectivo fundamental é o exercicio da educación entendida como un proceso de maduración humana, que estimule o interese polo estudo e o espírito de superación, e que fomente a integración social e a realización individual, tanto intelectualmente como laboral dos/as alumnos/as.

Polo tanto debemos educar na responsabilidade e entender a dignidade humana como un valor guía que permita elaborar un modelo de vida que facilite niveis de felicidade persoal e o exercicio dunha cidadanía comprometida.

O noso alumnado debe ser capaz de ser responsable nas súas tarefas diarias e obter unha autodisciplina, sabendo distinguir entre o deber e o ocio para, deste xeito, poder integrarse con menos dificultade no mundo adulto. Tamén é básico que os/as alumnos/as aprendan a ser conscientes da importancia de ter coidado do corpo e das repercusións negativas que ten para a vida diaria a despreocupación da propia saúde.

É importante tamén que o alumnado teña moi presente o concepto de civismo, a importancia de cumprir as normas sociais, e que o apliquen no seu día a día, xa sexa na relación con outras persoas ou no respecto que lle deben ter ao medio ambiente, de xeito que participen na sociedade tratando de melloralala.

Outro aspecto a destacar é o do respecto, e polo tanto os/as nosos/as alumnos/as deben respectarse a si mesmos e aos demais, xa que deste xeito eles mesmos tamén serán respectados.

Por último, debe destacarse a importancia de saber situarse no lugar das outras persoas. Se o alumnado é capaz de conseguir entender as emocións dos demais e de conseguir aprender a reprimir as súas propias reaccións negativas, será tamén capaz de manter unha boa convivencia, a cal axudará a que a vida diaria sexa máis fácil.

Polo tanto, desde os diferentes departamentos didácticos e a través das materias debemos transmitir unha serie de valores ao noso alumnado para que os apliquen na súa vida diaria. Entre outros valores, deben traballarse os seguintes:



**1.- Responsabilidade.** Explicar as responsabilidades que deben aprender a adquirir os/as alumnos/as para poder formarse máis axeitadamente como persoas:

- a) Cun mesmo.
- b) Coas tarefas a desenvolver.
- c) Co consumo.
- d) Coa sociedade.

**2.- Respecto.** Aportar información, reflexión e debate acerca dos catro ámbitos nos que debemos aplicar o respecto se queremos conseguir unha convivencia equilibrada:

- a) Respectuoso cun mesmo.
- b) Respectuoso cos demais.
- c) Respectuoso co entorno.
- d) Respectuoso coa diferenza.

**3.- Empatía.** Explicar a necesidade de ser capaces de entender aos demais, de poñernos no seu lugar, para así fortalecer as relacións humanas, fomentar a comunicación entre as persoas e mellorar a sociedade.

- a) Sensibilidade cos demais.
- b) Solidariedade e cooperación.
- c) A amizade.
- d) Civismo.

**4.- Autoconñecemento.** Se o alumnado se coñece a si mesmo será capaz de controlar os seus impulsos negativos e poderá afrontar as contrariedades cunha actitude máis positiva.

- a) Autocontrol das emocións.
- b) Aceptación das normas.
- c) Alegría e optimismo.

## **7.5. PROXECTO INTERDISCIPLINAR EN 1º DE E.S.O.**

Segundo o publicado pola Consellería de Educación, o *Proxecto Interdisciplinar* é unha “materia” de 1º ESO cuxos contidos deben ter un carácter interdisciplinar xa que comparte, dende diferentes áreas, as competencias básicas; estes deberán ser aprobados

a principios do curso académico pola Comisión de Coordinación Pedagóxica e impartidos fundamentalmente polos titores de cada curso.

No IES Frei Martín Sarmiento acordouse asignar esta materia ao Departamento de Xeografía e Historia e, en particular, á profesora deste departamento que imparte en 1º da ESO. O proxecto xiraría ao redor do traballo dun libro de lectura (dous por curso) axeitado aos intereses e idades dos alumnos.

Establécese o P.I como un programa de apoio e reforzo da lectura, que repercutirá positivamente en todas as áreas de aprendizaxe, co obxectivo de fomentar o gusto e o bo uso da lectura comprensiva e como fonte de pracer e fantasía, interpretar o contido implícito e explícito de mensaxes orais e escritos, coñecer obras literarias, apreciar a realidade con sensibilidade e intención perceptiva, estética e actitude de curiosidade e sensibilización de aspectos do mundo circundante.

O ideal sería traballar varios departamentos pero isto é complicado en secundaria pola estrutura tradicional das áreas.

En calquera caso, contribuímos á consecución das competencias básicas: comunicación lingüística, social e cidadá, autonomía e iniciativa persoal, aprender a aprender e dixital.

### **Obxectivos Xerais**

- Promover actividades de carácter interdisciplinar.
- Realizar actividades en torno ao libro.
- Tratar de fomentar a participación de profesores no P.I.
- Aprender a relacionar distintas materias.
- Fomentar nos alumnos o gusto pola lectura e que relacionen diferentes áreas.
- Mellorar a velocidade, ritmo, entoación, comprensión e expresión oral e escrita.
- Aprender a realizar resúmenes de textos destacando as ideas principais e rexeitando o superfluo.
- Fomentar a responsabilidade na realización de traballos propostos na aula. -  
Fomentar o traballo en equipo.
- Realizar debates críticos e construtivos respectando a quenda da palabra, opinións....

⌘ Realizar debuxos, pósters, cómics, pequenas dramatizacións

### **Temporalización**

Non hai tempo marcado, dependerá das circunstancias (explicación, comprensión,...).

### **Avaliación**

A pesares de ser unha materia non avaliable, valorarase cunha nota no caderno do profesor e no boletín de información aos pais.





Valorarase a presentación, a creatividade, a orixinalidade, a puntualidade na presentación dos traballos propostos, o respecto aos demais á hora de participar,..., en xeral todos aqueles criterios que figuran na programación de CCSS para 1º ESO e que se refiren a actitudes. Esta materia proporcionará unha información moi rica da evolución do alumno.

### **Metodoloxía**

Activa, participativa, individualizada (na medida do posible dada a elevada ratio dos grupos, e con importantes necesidades educativas e familiares). Fundamentalmente consistirá na lectura en alto por parte de todos os alumnos, a lectura comentarase sempre, traballando o vocabulario e realizarase un resumo coas ideas fundamentais do capítulo lido.

## **7.6. ATENCIÓN EDUCATIVA AO ALUMNADO QUE NON OPTE POR ENSINANZAS DE RELIXIÓN**

O alumnado da E.S.O. que non opte por as ensinanzas de *Relixión Católica* poderá realizar algunha das seguintes actividades:

-  Debates sobre temas de actualidade.
-  Actividades para o fomento da lectura.
-  Proxección de películas.
-  Actividades de comprensión lectora, expresión oral e escrita.

A devandita atención non é avaliable e en ningún caso comportará a aprendizaxe de contidos curriculares asociados ao coñecemento do feito relixioso nin a calquera materia da etapa.

O profesorado que se encargará desta atención educativa será designado segundo as necesidades organizativas do centro e poderá pertencer a calquera departamento. Este profesorado non terá que asistir ás reunións de avaliación.

O alumnado de 1º de Bacharelato que non opte pola ensinanza de *Relixión Católica* poderá realizar tamén calquera das actividades anteriores. En 2º de Bacharelato a devandita hora dedicarase a preparar os comentarios de texto Filosófico e histórico da selectividade así como os *listening* de inglés. Deste xeito o profesorado destas materias pasará un trimestre con cada un dos tres cursos de 2º de bacharelato.

## **7.7. CRITERIOS XERAIS SOBRE A AVALIACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO**

Con relación ao modelo de avaliación, esta será sumativa, formativa e continua, porque non soamente se avaliarán coñecementos, senón tamén procedementos e actitudes tales como os hábitos de traballo, a orde, a limpeza, a puntualidade, o respecto ás instalacións e ao material, etc.

Ademais preténdese que non só se avalíe ao alumnado, senón tamén ao profesorado a metodoloxía etc.; en definitiva trátase de avaliar o sistema educativo no seu conxunto, atendendo a criterios de mellora e de progreso.

Intentarase tamén que o alumno aprenda a autoavaliarse, como medida de autoformación, e que todo o realizado polo alumno sexa avaliable.

### **7.7.1. Avaliación inicial**

A principios do mes de novembro realizarase unha primeira avaliación do alumnado da ESO. A finalidade principal desta avaliación será a de detectar necesidades de reforzo e apoio educativo, de analizar o funcionamento dos agrupamentos específicos e optimizar a súa composición, de avaliar a marcha inicial do programa de diversificación curricular e de detectar e aportar solucións ás posibles problemáticas dos grupos. Nesta avaliación participará todo o equipo docente de cada grupo da ESO, o xefe/a do departamento de orientación e o xefe/a de estudos. Nela non se outorgarán cualificacións.

Nos ciclos formativos e no PCPI tamén se realizarán avaliacións iniciais que terán por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno e de cada

alumna, así como as súas capacidades. Así mesmo, deberá servir para orientar e situar o alumnado en relación co perfil profesional correspondente.

Nesta sesión, o profesor ou a profesora que se encarguen da titoría darán a información dispoñible sobre as características xerais do grupo ou sobre as circunstancias especificamente académicas ou persoais, con incidencia educativa, de cantos alumnos e alumnas o compoñan.

O tratado na sesión de avaliación inicial e os acordos que adopte o equipo docente nela recolleranse nunha acta, da cal se entregará copia na xefatura de estudos, incluíndo especialmente aqueles que teñan que ver con aspectos de flexibilización na duración das ensinanzas, segundo se desenvolve no artigo 16 desta orde. Esta avaliación inicial en ningún caso comportará cualificación para o alumnado.

### **7.7.2. Avaliacións parciais**

Na ESO e bacharelatos realizaranse dúas avaliacións parciais que coincidirán en decembro e marzo, ao remate do primeiro e segundo trimestre de curso. Ademais da asignación de cualificacións a cada materia avaliada, decidirse a permanencia, baixa e incorporación do alumnado aos agrupamentos específicos e a medidas de reforzo e apoio educativo.

As avaliacións dos ciclos formativos realizaranse segundo as características específicas que require a avaliación e seguindo as instrucións da *Orde do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial (artigos 29 a 35)*. En todo caso procurarase a medida do posible que coincidan co resto das avaliacións que se realicen no centro.

Como norma xeral non se repetirá ningún exame parcial. Cando un alumno non se presente deberá presentarse ao exame final de cada avaliación, e cando non se presente a este por causa xustificada deberá presentarse ao exame final de curso.

### **7.7.3. Avaliación final**

Ten lugar no mes de xuño, segundo as datas que estableza o calendario escolar, para a ESO, bacharelatos e ciclos formativos. Nesta avaliación reflectirse a cualificación final de cada materia e decidirse a promoción ao curso seguinte ou a titulación.

No caso da ESO, ademais da asignación de cualificacións finais nas materias avaliadas, decidirse a composición, a falta da avaliación extraordinaria de setembro, dos agrupamentos específicos e programa de diversificación curricular do próximo curso e elaboraranse os informes individualizados de promoción para o alumnado que supere todas as materias.

Tamén na ESO, realizarase un informe sobre a consecución de obxectivos e competencias básicas.

#### **7.7.4. Avaliación extraordinaria de setembro**

Nesta avaliación cualificaranse as materias da ESO e bacharelatos non superadas en xuño e establecerase a composición definitiva dos agrupamentos específicos e programas de diversificación curricular. No caso da ESO decidirse a promoción e titulación aplicando os criterios establecidos no punto 8.5 e elaboraranse os informes correspondentes de promoción. En 4º de ESO elaboraranse os consellos orientadores para aquel alumnado que remate a etapa ou non poda permanecer máis tempo escolarizado nela.

#### **7.7.5. Criterios de promoción e titulación na ESO**

##### **a) Promoción**

■ Xuño: O alumnado promocionará ao curso seguinte cando supere os obxectivos de todas as materias cursadas.

■ Setembro: Igual que en xuño para o alumnado que teña todas as materias superadas ou avaliación negativa en dúas como máximo. Con tres ou máis materias non superadas repetirá curso.

Excepcionalmente, con avaliación negativa en tres materias, poderá decidirse a súa promoción sempre que:

- ☞ A natureza das dificultades non lle impidan seguir con éxito o curso seguinte.
- ☞ Teña expectativas favorables de recuperación.
- ☞ Dita promoción beneficie a súa evolución académica.

Neste caso, unha vez oídos os profesores das materias avaliadas negativamente, a decisión adoptárase co acordo favorable da maioría simple da xunta de avaliación.

No caso do alumnado que cursa un PDC, non promocionará ao curso seguinte se ten algún dos dous ámbitos suspensos.

Tamén promocionará aquel alumnado que estea repetindo curso con independencia do número de materias non superadas que teña, xa que non se pode repetir dúas veces o mesmo curso.

## **b) Titulación**

📅 Xuño: O alumnado obterá o título de graduado en educación secundaria obrigatoria cando supere todas as materias e alcance as competencias básicas e os obxectivos da etapa.

📅 Setembro: Igual que en xuño para o alumnado que supere todas as materias. Cunha, dúas e, excepcionalmente, con tres materias con avaliación negativa, poderá decidirse a súa titulación sempre que a natureza e o peso destas no conxunto da etapa non lle impida alcanzar as competencias básicas e os obxectivos da etapa.

Nestes casos considérase condición necesaria que o alumno/a se presente aos exames extraordinarios das materias que teña pendentes (do curso actual e dos anteriores) e que alcance unha nota mínima de 3.

Unha vez oídos os profesores das materias avaliadas negativamente, a decisión adoptárase co acordo favorable da maioría simple da xunta de avaliación.

No caso do alumnado que cursa un PDC obterá o título de graduado en educación secundaria obrigatoria cando supere todos os ámbitos e materias que integran o programa.

Sempre que teña superados todos os ámbitos e avaliación negativa nunha, dúas e, excepcionalmente, tres materias do programa, aplicarase o disposto anteriormente para o alumnado do grupo xeral.

Non obterá título se ten algún ámbito ou catro ou máis materias do programa non superadas.

📅 Observacións:

📅 No cómputo das materias suspensas contabilízanse todas, as do curso actual e pendentes.

- ⊖ Se dúas ou máis materias suspensas teñen a mesma denominación contabilízanse igualmente por separado.
- ⊖ A materia “proxecto interdisciplinar” de 1<sup>o</sup> de ESO non computa.
- ⊖ A “física e química” e “bioloxía e xeoloxía” de 3<sup>o</sup> de ESO computan como unha soa materia a efectos de promoción e titulación.

#### **7.7.6. Recuperación de materias pendentes**

Os xefes de departamento realizarán o seguimento do alumnado con materias pendentes, a través do profesorado responsable das actividades docentes.

O alumnado terá dereito a realizar no mes de maio e no mes de setembro unha proba final de cada materia que teña pendente. En ningún caso poderá limitarse o procedemento para a avaliación ao establecemento destas probas finais.

Cada ano realizaranse dúas sesións de avaliación: unha final ordinaria no mes de xuño e outra final extraordinaria no mes de setembro, antes das correspondentes sesións de avaliación final do curso no que estea matriculado o alumnado.

Co obxecto de facilitar ao alumnado a superación das materias pendentes, os departamentos didácticos que as impartan proporánlle plans de traballo que se incorporarán ás correspondentes programacións didácticas, nos cales se farán constar os contidos esixibles e as actividades de avaliación. Así mesmo, estableceranse dúas convocatorias de exames de materias pendentes, unha a finais de xaneiro e outra a finais de abril para facilitar ao alumnado a superación destas materias.

#### **7.7.7. Criterios de promoción e titulación no Bacharelato**

##### **a) Promoción**

As alumnas e os alumnos conseguirán a promoción ao segundo curso de Bacharelato cando superen todas as materias cursadas ou teñan avaliación negativa en dúas materias como máximo.

O alumnado que conseguise a promoción ao segundo curso con materias avaliadas negativamente en primeiro de Bacharelato deberá cursalas ao longo do curso. Os departamentos didácticos organizarán as actividades de seguimento, recuperación e



avaliación das materias pendentes, tendo en conta que a avaliación destas materias terá que ser anterior á das materias de segundo curso.

#### **b) Permanencia dun ano máis nun mesmo curso**

O alumnado poderá permanecer cursando Bacharelato no réxime ordinario, con carácter xeral, un máximo de catro anos, consecutivos ou non.

O alumnado que en primeiro de bacharelato obteña avaliación negativa en máis de dúas materias deberá cursar de novo o curso completo e será cualificado en todas as materias, agás no caso de que algunha das materias xa superadas deixase de ser impartida no centro, o alumnado poderá manter a cualificación obtida sen necesidade de matricularse nunha nova materia.

Sen prexuízo do anterior, o alumnado con tres ou catro materias avaliadas negativamente no primeiro curso de bacharelato manterá a cualificación obtida anteriormente na mesma materia cando a nova cualificación sexa inferior.

En calquera caso, este alumnado estará suxeito aos mesmos dereitos e obrigas que o alumnado que se matricula por primeira vez no bacharelato e a cualificación de materias xa superadas outorgarase na avaliación final ordinaria.

O alumnado que ao finalizar o segundo curso teña avaliación negativa nalgunha materia poderá:

- a) Matricularse soamente das materias con avaliación negativa.
- b) Matricularse de todas as materias de segundo, logo de solicitude á dirección do centro, coa finalidade de mellorar as súas cualificacións.

A este alumnado consideraráselle, nas materias que xa teña superadas, a cualificación obtida na nova convocatoria, sempre que esta cualificación sexa superior á anterior.

A escolarización deste alumnado repetidor en ningún caso poderá implicar un incremento de grupos.

#### **c) Título**

Para obter o *título de bacharel* será necesario ter avaliación positiva en todas as materias dos dous cursos de Bacharelato.

A nota media do Bacharelato será a media aritmética das cualificacións de todas as materias que configuran a modalidade cursada, arredondada á centésima máis próxima e, en caso de equidistancia, á superior.

Sen prexuízo do anterior, o profesorado poderá aplicar todo o relacionado coa titulación e promoción recollido na *Orde do 24 de xuño de 2008 pola que se desenvolve a organización e o currículo das ensinanzas de bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia*.

## **8. PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

Tal e como se recolle no artigo 13º do *Decreto 133/2007, do 5 de xuño, polo que se regulan as ensinanzas da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia* e o punto 8 da *Orde do 6 de setembro de 2007 pola que se desenvolve a implantación da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia*, “as medidas de atención á diversidade nesta etapa estarán orientadas a responder ás necesidades educativas concretas do alumnado e á consecución das competencias básicas e dos obxectivos da etapa”.

Así mesmo, segundo o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación neste centro lévanse a cabo as seguintes medidas:

### Medidas ordinarias

- a) Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.
- b) Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado.
- c) Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, titoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.
- d) Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.
- e) Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.
- f) Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas.
- g) Programas de recuperación.
- h) Programas específicos personalizados.

### Medidas extraordinarias

Para a aplicación das medidas extraordinarias será necesaria a autorización da dirección do centro educativo, do Servizo de Inspección Educativa, da xefatura territorial ou da dirección xeral que proceda, e, se é o caso, informe xustificativo do correspondente Servizo de Orientación.

- a) Adaptacións curriculares.
- b) Agrupamentos flexibles.
- c) Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou en Audición e Linguaxe.
- d) Programas de diversificación curricular.
- e) Programas de cualificación profesional inicial.

### **8.1. Programas de Diversificación Curricular**

Os **Programas de Diversificación Curricular** constitúen una forma directa de atención á diversidade do alumnado. A súa finalidade é que os/as alumnos/as acaden os obxectivos xerais da E.S.O. mediante unha metodoloxía e uns contidos adaptados ás súas características e necesidades.

Pódense cursar dúas modalidades, organizadas nun ano ou dous. Toda a organización destes programas ven marcada pola *Orde do 30 de xuño de 2007 pola que se regulan os programas de diversificación curricular na educación secundaria obrigatoria*.

Os criterios xerais para a selección do alumnado que participa nos programas de diversificación curricular serán os seguintes:

**1) Destinatarios:** Poderán incorporarse aos programas de diversificación curricular o alumnado que se encontre nas seguintes circunstancias:

- a) Ter dificultades xeneralizadas de aprendizaxe, ter sido obxecto doutras medidas de atención á diversidade, sen que estas resultasen suficientes para a recuperación das dificultades de aprendizaxe detectadas e atoparse nunha situación de risco evidente de non alcanzar as competencias básicas e os obxectivos da etapa cursando o currículo ordinario.
- b) Existir expectativas razoables de que coa incorporación ao programa poderán alcanzar as competencias básicas e os obxectivos da etapa e, en consecuencia, obter o título de graduado en educación secundaria.

**2) Condicións de acceso:** Poderán incorporarse a estes programas o alumnado que se atope nalgunha das seguintes situacións:

- a) Ter cursado o segundo curso da E.S.O., non estar en condicións de promocionar ao curso seguinte e que repetisen xa unha vez na etapa.
- b) Tras cursar o terceiro curso, non estar en condicións de promocionar.
- c) Tras repetir o terceiro curso, non superalo.
- d) Ter cursado o cuarto curso da E.S.O. sen superalo e ter repetido xa unha vez na etapa.

En canto a selección do alumnado para cursar estes programas débese ter en conta os seguintes criterios:

1. O alumnado seleccionado debe mostrar interese por aprender.
2. Non debería ser seleccionado alumnado que mostrara mal comportamento ou se lle aplicaran medidas disciplinarias no curso en que é obxecto de selección.

Non se debe perder de vista que estes programas son un camiño máis doado para obter o título de educación secundaria, dirixidos fundamentalmente ao alumnado con dificultades de aprendizaxe, pero que mostran interese por acadar o título e que cada día traballa con tesón para poder acadar bos resultados, é dicir, *“para alumnos/as que queren e non poden”*.

**3) Realización das propostas:** Nas reunións da avaliación final o profesorado de cada grupo fará as propostas para este tipo de ensinanza de maneira que tanto os/as titores/as como o departamento de orientación empece a elaborar a documentación necesaria para solicitar o programa.

## **8.2. Exención da segunda lingua estranxeira en 1º e 2º de E.S.O.**

*A Orde do 6 de setembro de 2007 pola que se desenvolve a implantación da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia*, recolle no punto 5-f, referente ás materias e ao horario lectivo semanal, o seguinte:

*“O alumnado dos cursos primeiro e segundo que presente claras dificultades continuadas no proceso de aprendizaxe, en particular na área de lingua, poderá quedar exento de cursar a materia común de segunda lingua estranxeira. Neste caso recibirá reforzo educativo naqueles aspectos en que se detectasen as dificultades logo do*

*informe pertinente da persoa titora da etapa ou curso anterior coa colaboración do Departamento de Orientación, no cal se fará explícito o motivo da medida adoptada.*

*No seu expediente académico figurará coa mención de exento/a.*

*A competencia da decisión recaerá na dirección do centro, oídas as nais, os pais ou os titores/as legais do alumnado afectado pola medida”.*

Esta medida será adoptada ao inicio do curso para aquel alumnado que se incorpora dos centros adscritos a partir da documentación proporcionada polos mesmos e despois das avaliacións iniciais a proposta do profesorado do grupo onde se encontre este tipo de alumnado.

### **8.3. Plan de acollida para o alumnado de novo ingreso**

Neste documento recóllese o conxunto de actuacións para facilitar a adaptación do alumnado de novo ingreso e as súas familias ao noso centro.

Para que o plan se realice dun xeito satisfactorio é necesario a participación de toda a comunidade educativa.

#### **ALUMNADO EN XERAL**

##### **OBXECTIVOS**

- Facilitar a acollida e integración do alumnado, promovendo e facilitando o acceso, permanencia e promoción educativa.
- Crear un conxunto de pautas comúns a aplicar no centro educativo para a incorporación do alumnado recen chegado no que se especifique un protocolo de actuación e profesionais implicados.
- Detectar, identificar e prever as posibles situacións socio-familiares, que afectan o itinerario educativo do alumno (entrevista familiar, contactos telefónicos, busca de recursos e derivación, segundo o caso ) a fin de mellorar a súa situación e evitar o absentismo escolar.

##### **ACTUACIÓNS**

Para facilitar a acollida do alumnado proveniente de primaria se realizarán as seguintes actuacións:

- Σ Durante o segundo trimestre, o director, o xefe de estudos e a orientadora realizan unha visita aos centros de primaria adscritos, a fin de ter un primeiro contacto cos pais e o alumnado.
- Σ Durante o terceiro trimestre o alumnado realizará unha visita ao noso IES durante a xornada lectiva na que se integrarán por unhas horas no ritmo das clases de secundaria visitando todas as instalacións . A acollida do alumnado a realizan o xefe de Estudos, a Orientadora e a PT.
- Σ Así mesmo, no mes de xuño, faise unha xornada de portas abertas, en colaboración coa ANPA para que os pais poidan coñecer de primeira man o centro onde van a estudar os seus fillos e se lles da cumprida información de horarios, instalacións e normas do IES.
- Σ Na primeira semana de curso os titores, informaranlles dos horarios, as instalacións e las normas do centro, ao mesmo tempo que tratarán de que se integren o máis posible no día a día da actividade académica.
- Σ Dentro do grupo de mediación escolar, creouse a figura do alumnado acompañante para que trate de ao novo alumnado na integración da vida académica e lle axude na resolución das dúbidas e problemas máis frecuentes nas primeiras semanas/meses de clase: conflitos con outros compañeiros, desprazamento dentro do IES, servizo de biblioteca e transporte escolar, etc.

#### PROTOCOLO DE ACOLLIDA

- Σ Na xornada de recepción de pais, explícanlles os aspectos máis salientables do novo curso: horario do centro, instalacións, materias a cursar, libros de texto, ANPA, Actividades extraescolares, datas de matrícula e documentación necesaria para a formalización da mesma.
- Σ Departamento de Orientación acude aos centros adscritos antes do remate do curso para manter unha entrevista co departamento de Orientación dos centros adscritos e os titores de 6º de primaria para recadar a información referente a dificultades de aprendizaxe, problemas de comportamento, situación persoal e familiar, así como calquera outra información relevante a fin de ter un maior coñecemento do alumnado antes de facer os agrupamentos de 1º de ESO.

- ∑ No caso de alumnado procedente doutros centros, a Orientadora manterá unha entrevista cos pais coa familia na que nunha primeira parte obterase a información sobre a escolarización previa do alumno, datos familiares e de saúde que podan ser relevantes para a elaboración dun informe individual do alumno.
- ∑ Nunha segunda parte da entrevista, ofrecerase á familia información sobre: funcionamento xeral do centro e recursos que ofrece (como transporte escolar), horario de titorías, axudas ou becas que estiveran dentro de prazo, funcionamento da ANPA,... así como os recursos sociais da zona que poden favorecer a integración social e escolar.
- ∑ Así mesmo, tamén se lles aclaran as posibles preguntas ou dúbidas das familias.
- ∑ Unha vez obtida a información anterior fanse os diferentes grupos.
- ∑ Elaborarase un informe inicial do alumno para informar ao profesor-titor e este ao resto do profesorado.
- ∑ Nos casos de alumnado incorporado ao longo do curso, procederase á entrevista coa Orientadora e posteriormente a figura de compañeiro-titor será que o inicie no funcionamento do centro.
- ∑ En relación ás familias, deberase ter en conta que a información que se proporcione nas primeiras conversacións debера ser sinxela e comprensible, establecendo, deste xeito, as bases dunha comunicación óptima entre familia-centro.

#### **8.4. Plan de absentismo**

Neste punto, séguese o plan de absentismo do Concello de Pontevedra, elaborado o curso 2010/2011 e que se pode consultar na web do centro: [www.edu.xunta.es/centros/iesfreimartinsarmiento](http://www.edu.xunta.es/centros/iesfreimartinsarmiento)

#### **8.5. Medidas de atención ao alumnado procedente do estranxeiro**

Programa de acollida

A chegada ao centro educativo supón para un alumno ou alumna inmigrante un duro impacto psicolóxico ao ter que enfrontarse a unha situación nova, un entorno moi diferente ao seu e do que descoñece case todo: en moitos casos a lingua, os seus compañeiros de clase (a veces impregnados de prexuizos), o centro coas regras propias, o tipo de actividade escolar, etc. E todo elo nun momento persoal difícil, ao estar vivindo o duelo pola perda de todo o que lle era querido ata ese momento. Esta situación agrávase cando a súa experiencia e bagaxe educativos son moi distintos aos do resto de compañeiros. Así, os alumnos e alumnas inmigrantes enfróntanse, a miúdo, con dificultades como:

- Utilización na súa vida cotiá e en todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe dunha lingua diferente á materna.
- Diversos referentes culturais: o que lle ofrece a escola e o que encontra na casa, que adoitan obedecer a dúas concepcións distintas de vivir e de actuar.
- Diferentes niveis académicos: algúns alumnos presentan un ou varios cursos de retraso curricular en relación á súa idade.
- Dificultades de adaptación ao barrio ou ao pobo que condicionan a socialización: alumnos que, en ocasións, non teñen amigos cos que tratar ou o fan sempre con nenos da súa propia nacionalidade.

Por elo, os centros educativos temos que adaptar e sistematizar a resposta educativa ante a chegada de alumnado inmigrante.

Un Programa de Acollida afecta a toda a comunidade educativa e non só ao alumnado que se incorpora. Será necesario potenciar competencias interculturais con todos os axentes que interveñen directa e indirectamente na tarefa educativa co fin de desterrar estereotipos e prexuizos que condicionan a nosa actitude e a dos demais. Así, téñense que desenvolver actitudes e habilidades para a interacción e o intercambio (de normas, de valores, crenzas, estilos) para chegar a unha convivencia entre persoas dotadas da mesma dignidade no marco duns valores esenciais compartidos.

Esta labor levámola a cabo con:

**O alumnado:** a través da titoría e de todas as áreas do currículo por medio de actividades que favorezan habilidades e competencias sociais, así como a resolución de conflitos entre iguais.



**Os pais:** mediante programas específicos de formación que se promovan desde o centro para que teñan unha visión positiva da inmigración e das persoas que se incorporan á comunidade educativa.

**O profesorado:** participando en actividades específicas de formación: cursos, grupos de traballo, etc., elaborando proxectos de educación intercultural e promovendo iniciativas e medidas de atención educativa que favorezan a integración de todos os alumnos.

Dentro do Plan de Orientación do noso IES temos integrado un plan de acollida para o alumnado de novo ingreso que se desenvolve ao longo do 2º e 3º trimestre do curso anterior á súa incorporación ao centro. Sen embargo, o alumnado estranxeiro que chega ao noso IES adoita facelo ao longo do curso (no caso da ESO) ou a principios do mesmo (para o 2º de PCPI). Nestes casos a acollida debe desenvolverse de xeito distinto:

## **1. ACOLLIDA DA FAMILIA NO CENTRO**

### **a. Recibimento**

Este condicionará en parte o modo en que o alumno/a viva a nova situación á que debe enfrontarse e, en ocasións, marcará a súa actitude e expectativas cara o entorno escolar.

Este primeiro contacto debe ser acolledor; convén que coñezan quen somos, qué facemos e qué obxectivos pretendemos. A relación entre as familias e o centro será máis fluída se perciben unha actitude de axuda e colaboración. É esencial transmitirles tranquilidade e a sensación de que os seus fillos estarán atendidos debidamente e facerlles saber que se lles manterá informados do seu proceso de escolarización. Todos sabemos o importante que é manter boas relacións coas familias xa que desa forma aumenta a motivación do alumnado, faise máis fácil e rápida a súa integración no centro e favorécese o seu rendemento.

O mesmo día que a familia ven a formalizar a matrícula informaráselle do funcionamento do centro.

### **b. Información aportada polo Centro**

Algún membro do equipo directivo ou a orientadora, informaralles a cerca de cuestións como:

- Normas do Centro. -

Calendario escolar.

- Xustificación das faltas de asistencia.
- Instalacións do centro: aulas, ximnasio, recreo, biblioteca, ...
- Material escolar necesario.
- Actividades complementarias e extraescolares: saídas, visitas, etc.
- Información sobre as axudas para libros.
- Información sobre a ANPA.

### **c. Documentación solicitada**

Sempre que as circunstancias o permitan, quedase coa familia a unha hora e un día determinado para que o primeiro encontro poida levarse a cabo con tempo suficiente e sen interrupcións. Deben ser recibidos por un membro do equipo directivo que lles informará dos documentos necesarios que deben aportar para formalizar a matrícula:

- Certificado de empadramento no municipio.
- Fotocopia do libro de familia ou, no seu defecto, outro documento acreditativo. -  
Fotocopia da cartilla da seguridade social.
- Fotografías tamaño carné.
- Expediente académico ou dirección, si é posible, do último centro onde estivo matriculado/a.

Sen embargo, na maioría dos casos constátase que o alumnado inmigrante que chega ao noso centro faino vía Comisión de escolarización, polo que a información que nos é achegada, nun primeiro momento, é escasa. Tamén, ás veces, quen acompaña ao alumno/a para a súa matrícula non son os propios pais senón un familiar que descoñece moitos dos datos anteriores o que dificulta o seu coñecemento.

En caso de que o contacto cos pais sexa fluído tamén se lles concerta unha entrevista coa orientadora do centro para que recade a información sociocultural da familia que non queda reflectida nos papeis.

### **d. Adscrición ao grupo clase**

Unha vez analizados os datos anteriores procederase á adscrición do alumnado tendo en conta os aspectos seguintes:

- Número de alumnos con NEE no grupo.
- Existencia de medidas de atención á diversidade no grupo.
- Calquera outro criterio que redunde sempre no seu propio beneficio.

Como norma xeral, tendo en conta a madurez e socialización do alumno, o nivel ao que se incorporará **non diferirá en máis dun ano co da súa idade cronolóxica**.

A adscrición será considerada con **flexibilidade** xa que nalgunha ocasión poderá propoñerse un cambio de curso. Se isto ocorre habería que facer unha proposta razoada por parte do profesorado que lle da clase e trasladarlle a situación á inspección educativa.

O titor/a é o referente máis directo do alumno recen chegado, de xeito que será a el a quen acuda este tipo de alumnado cando teña algunha dúbida ou dificultade.

## **2. ACOLLIDA DO ALUMNO NA AULA**

### **Actividades de presentación e coñecemento mutuo**

O día da súa incorporación será acompañado por un conserxe á súa aula e presentado polo titor/a ao grupo cando teña clase con eles (previamente informaráselle por escrito ao titor da devandita incorporación); o resto do profesorado do grupo será informado vía correo electrónico polo equipo directivo.

Para facilitar o coñecemento do alumnado o titor pode empregar xogos, actividades grupais ou outras estratexias que permitan unha boa acollida na aula. O profesorado potenciará a **cooperación** entre todos os compañeiros e a implicación do grupo no seu proceso de adaptación.

### **Alumnos *titores***

O profesor titor/a do grupo-clase solicita a colaboración dun ou dous compañeiros que lle axuden, orienten e acompañen, sobre todo nas primeiras semanas, e máis se descoñece o idioma.

Estes acompañaranos no recreo e procurarán que se sinta aceptado, colocaranse ao seu lado na clase e explicaranlle as normas de convivencia máis elementais e as de

funcionamento da clase, acompañaranos nos cambios de clase, encargaranse de que leve ao día a súa axenda, e dirixirano ás persoas correctas para arranxar as súas dúbidas.

### 3. MEDIDAS CURRICULARES

Para aquel alumnado de fala non española establécese un programa para o coñecemento do castelán. Ata o de agora o alumnado que nos chegou nesta situación foi escaso.

Así mesmo, a aquel alumnado que se incorpora aos estudos na Comunidade galega, ben sexa proveniente doutro comunidade ou país estranxeiro, concédeselle (previa petición asinada polo país) a exención nas cualificación da materia de lingua galega durante dous cursos académicos, tal e como se establece nos Artigo 18º e 19º do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.

#### **Introdución das linguas estranxeiras**

Cos alumnos que descoñecen o idioma castelán plantéxase a exención da 2ª lingua estranxeira, **dedicando** esas horas ao reforzo educativo nas materias instrumentais.

#### **Adaptacións curriculares**

Son modificacións que afectan aos contidos, obxectivos, aspectos metodolóxicos e criterios de avaliación. Realízanse naqueles casos en que os alumnos presentan dificultades de aprendizaxe asociadas a factores sociais e culturais, discapacidade ou sobredotación intelectual.

Implican unha concreción, nalgúns casos moi individualizada e significativa, para a toma de decisións sobre qué ensinamos e avaliamos, cómo e cándo.

Para facer unha adaptación curricular axustada, é necesario:

- ☞ Definir a resposta educativa que se lle vai ofrecer ao alumno con necesidades educativas.
- ☞ Posibilitar as medidas necesarias no curso para responder ás necesidades do alumnado implicado.
- ☞ Organizar a atención coordinada das persoas que interveñen na acción educativa (profesorado de área, de apoio, titor, PT, orientadora, etc.)
- ☞ Que sirva de referente para a avaliación do proceso ensinanza- aprendizaxe.

Os profesores que imparten docencia aos alumnos que requiran unha adaptación curricular serán os responsables da adopción das medidas específicas para atender as necesidades do alumno.

No caso de adaptacións significativas ou moi significativas, debe ser unha decisión compartida por todos os profesores do grupo clase, previa a unha avaliación da competencia curricular e psicopedagóxica. Estes profesores estarán coordinados polo titor e asesorados polo Departamento de Orientación.

Non debemos esquecer que as Adaptacións Curriculares non son un currículo especial para alumnos “distintos” senón unha resposta que vincula o currículo ordinario e as necesidades que presentan os alumnos. O referente a partir do cal se realizan as Adaptacións Curriculares son as Programacións de aula ou de área.

De todos os xeitos, esta non é a primeira medida que se toma para atender a un alumno concreto. Antes de tomar a decisión de realizar unha Adaptación Curricular deben esgotarse outras medidas de carácter máis xeral e menos específicas. De feito, no noso centro, na ESO, non temos realizado adaptacións curriculares desde hai moito tempo porque non fixo falta aplicarlas co alumnado inmigrante nin co alumnado escolarizado no sistema educativo galego desde pequenos. En cambio, estamos atopándonos coa necesidade de facer adaptacións curriculares no alumnado do 2º de PCPI, xa que están a chegar alumnos que foron derivados ao PCPI como solución ao seu problema co idioma e o seu desfase co sistema educativo galego, sen terlle proporcionado previamente outras medidas que puideran ser máis efectivas. Porén nestas ensinanzas non se contemplan adaptacións curriculares fora do réxime integrado, polo que é imposible que o centro poida dar unha resposta axeitada a este alumnado. Así e todo, o profesorado fai unha adaptación do currículo dos diferentes módulos ao nivel que traen estes alumnos, que sempre é moi inferior que o que se establece na *Orde do 24 de xuño de 2008 pola que se regula a educación básica para as persoas adultas e se establece o seu currículo na Comunidade Autónoma de Galicia, que é a que establece os currículos para o 2º de PCPI.*

## ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

### **Medidas de coordinación**

Para conseguir un traballo organizado, sistemático e con resultados positivos hai que prever os momentos e tempos de coordinación para compartir a información que se ten

sobre os alumnos e a toma de decisións sobre a intervención. Para elo temos establecidas, como norma xeral, unhas reunións semanais entre os titores dun determinado nivel e o departamento de orientación. Este seguimento facilita moito o coñecemento da marcha do alumnado, e no caso dos alumnos procedentes do estranxeiro as súas posibilidades reais de integración no Centro.

### **Actividades extraescolares**

O centro actúa como un elemento de socialización fundamental e debe favorecerla propiciando a participación en actividades complementarias. Deste modo, fóméntase a participación dos alumnos en xogos, competicións deportivas, actividades lúdicas etc. Xa se comentaron algunhas cando se falou no plan de convivencia.

### **Colaboración con outras entidades**

O propio tecido social, as institucións, organizacións voluntarias, asociacións etc., ofrecen recursos moi valiosos para a socialización e inclusión do alumnado inmigrante na sociedade de acollida, tarefas de mediación, etc.

Desde o noso centro desenvolvemos programas de colaboración con diversas entidades.

### **DESENVOLVEMENTO DE COMPETENCIAS INTERCULTURALES**

Desde a consideración de todos os alumnos como cidadáns activos dunha sociedade caracterizada pola súa pluralidade, a escola deberá contemplar a formación en competencias comunicativas interculturais. Para elo convirá realizar unha proposta educativa coordinada desde a acción tutorial que involucre a todo o profesorado e se reflicta en todas as actividades escolares. Algunhas manifestacións desta proposta poden ser:

- Utilizar na aula información e recursos actualizados que reflictan *diferentes perspectivas* sobre cada tema tratado.
- Recorrer a contidos que *reflictan e valoren a diversidade da experiencia humana e dos modos de expresala*, resaltando como referentes comúns de valoración a dignidade e dereitos da persoa, así como os principios do ordenamento constitucional español.
- Poñer en marcha *iniciativas que requiran relacionarse coa comunidade* ou o entorno externos á escola.

- Promover un *clima de clase que favoreza o intercambio* significativo de experiencias ou puntos de vista e o debate aberto e construtivo.
- Propiciar a participación do alumnado na toma de determinadas decisións.